

A CORUÑA EN CIFRAS

MULLERES QUE TRANSFORMAN REALIDADES

8 DE MARZO

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

A CORUÑA, 2017



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Consulta toda a programación en www.coruna.gal/igualdade



A CORUÑA EN CIFRAS

MULLERES E HOMES NA CIDADE

Balance estatístico, 2016

COORDINACIÓN E ELABORACIÓN DO INFORME:

Concellaría de Igualdade e Diversidade

Observatorio Municipal de Igualdade e Diversidade

Observatorio Urbano

Observatorio Sociolaboral

ÍNDICE

1. Presentación	7
2. A cidade	9
a. Datos demográficos	10
a.1. Estrutura da poboación polo sexo e a idade no concello da Coruña	10
a.2. Indicadores demográficos	11
a.3. Distribución da poboación segundo o sexo, a idade e o distrito censual	13
a.4. Movements migratorios por sexo	18
a.5. Poboación española residente no estranxeiro inscrita no concello da Coruña, segundo o sexo	19
a.6. Poboación estranxeira que reside no concello da Coruña segundo o sexo e principais nacionalidades	20
a.7. Censo de persoas con discapacidade segundo o sexo, grao e tipo de discapacidade	22
b. Educación	23
b.1. Distribución da poboación segundo o sexo e o nivel de estudos	23
b.2. Alumnado matriculado en ensinanzas de réxime xeral segundo o sexo e a ensinanza non universitaria	24
b.3. Alumnado sen nacionalidade española matriculado en ensinanzas de réxime xeral segundo o sexo e o continente de procedencia	25
b.4. Alumnado matriculado en ESO segundo o sexo, os resultados obtidos e a titularidade do centro	25
b.5. Profesorado de ensinanza non universitaria en centros de réxime xeral segundo o sexo e a titularidade do centro	26
b.6. Alumnado matriculado na UDC de grao e de titulacións non adaptadas ao EEES por centro universitario do Campus da Coruña	26
b.7. Profesorado da UDC segundo o sexo, a categoría e a dedicación	27
c. Situación laboral	29
c.1. Poboación de 16 e máis anos segundo o sexo e a relación coa actividade económica	29

c.2. Taxas de actividade, ocupación e paro segundo o sexo	30
c.3. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o sexo e grupos de idade	31
c.4. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o sexo e a nacionalidade	33
c.5. Contratos realizados no ano 2016 segundo tipoloxía e o sexo da persoa contratada	33
c.5.1. Contratos en centros de traballo no concello da Coruña	34
c.5.2. Contratos a persoas residentes no concello da Coruña	35
c.6. Comparativa nos salarios	38
c.7. Poboación parada segundo o sexo e a idade	40
c.8. Poboación parada segundo o sexo e o nivel académico	41
c.9. Poboación parada segundo o sexo e a actividade económica	42
d. Prestacións económicas	44
d.1. Prestacións por desemprego	44
d.2. Persoas perceptoras de prestacións contributivas da Seguridade Social segundo o sexo	45
d.3. Persoas perceptoras de prestacións non contributivas da Seguridade Social segundo o sexo e tipo de prestación	45
d.4. Persoas perceptoras da RISGA e AES	46
3. A administración municipal	47
a. Distribución do persoal do Concello da Coruña por sexo	48
b. Participación nos cursos formativos do persoal do Concello da Coruña	52
c. Permisos, licenzas e excedencias relacionadas coa conciliación da vida familiar e laboral do persoal do Concello da Coruña	54
4. Servizos municipais	56
a. Mobilidade urbana	57
a.1. Persoas usuarias do Servizo Bicicoruña	57
a.2. Persoas usuarias da Tarxeta Millennium e viaxes realizadas nos buses urbanos	57
b. Bibliotecas municipais	59
c. Escolas Deportivas Municipais	59
d. Servizo Municipal de Emprego e Empresa	61

e. Oficina Municipal de Información ao Consumo (OMIC)	65
f. Ocio e actividades lúdicas	66
g. Servizo de atención infantil para conciliación. Canguraxe municipal	69
h. Atención a grupos poboacionais específicos	69
h.1. Centro de Información dos Dereitos ás Mulleres (CIM)	69
h.2. Unidade de Atención á poboación Migrante (UAMI)	72
h.3. Centro de Planificación Familiar. Servizo de atención a menores de 20	72
h.4. Servizos sociais	74
i. Xuventude	76
i.1. Centro Municipal de Información Xuvenil	76
i.2. Locais de ensaio	76
i.3. Campamentos de verán para a mocidade	77
l. Participación cidadá	78

PRESENTACIÓN

O informe *'A Coruña en cifras. Informe de situación das mulleres e os homes na cidade'* é o segundo balance estatístico elaborado desde o Observatorio Municipal de Igualdade e Diversidade.

O cometido deste informe é facer unha aproximación ao coñecemento da realidade no termo municipal da Coruña, identificando as situacións que afectan á cidadanía de maneira diferenciada e que puidesen resultar indicativas da existencia de desigualdades. O conxunto dos datos incluídos ofrecen unha panorámica global e descritiva da situación das mulleres na Coruña -en comparación coa dos homes- identificando a incidencia da segregación por xénero na realidade das condicións das vidas das mulleres. Desde o Concello da Coruña entendemos esta análise como un paso previo necesario para poder valorar os aspectos nos que incidir desde as políticas públicas e os avances e posibles retrocesos que puidesen ocorrer no camiño que hai que emprender cara á igualdade.

O Informe é tamén o resultado dun traballo colectivo artellado en colaboración coas dúas persoas responsables dos contidos do Observatorio Urbano e o Observatorio Sociolaboral do Concello da Coruña. Nútrese fundamentalmente de fontes oficiais, ao utilizar datos estatísticos procedentes do Instituto Galego de Estatística, Instituto Nacional de Estadística, así como de organismos e outras institucións públicas como a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña ou a Universidade da Coruña.

A estrutura do informe preséntase en tres partes que, no seu conxunto, dan unha ampla dimensión da realidade municipal e do uso diferenciado que realiza a poboación herculina dos servizos públicos de maior incidencia sobre as condicións da vida cotiá na cidade. Na primeira parte móstrase unha panorámica da cidade, da súa estrutura poboacional, perfís educativos e situación sociolaboral máis representativa. A segunda parte está focalizada na composición do Concello como corporación pública e empregadora de persoas. A terceira parte recolle unha primeira aproximación ao perfil das persoas usuarias dos servizos municipais.


A CIDADE

a. Datos demográficos

a.1. Estructura da poboación por sexo e idade no concello da Coruña

A poboación coruñesa ascende a 243.978 habitantes a 1 de xaneiro de 2016, dos cales o 46,4% son homes e o 53,6% mulleres, segundo os datos do Instituto Nacional de Estadística (INE).

A seguinte gráfica amosa a distribución da poboación herculina segundo o sexo e os grupos quinquenais de idade:



*Fonte: Concello da Coruña. Observatorio Urbano.
Elaborado a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística (INE)*

A estrutura de idade da poboación indica unha significativa redución nas cohortes menores de 35 anos, como resultado do descenso da natalidade iniciado nos anos 80, cambiando o noso modelo demográfico.

Obsérvase que o maior peso da poboación recae entre as idades de 35 a 49 anos, representando un 24,9% do total de poboación.

Tal e coma sucede en todas as poboacións de países desenvolvidos, nas franxas de maior idade hai máis poboación feminina que masculina. Esta é unha consecuencia directa da maior esperanza de vida nas mulleres.

ESPERANZA DE VIDA AO NACER		
	Homes	Mulleres
Concello da Coruña	79,84	86,04
Galicia	79,72	86,03

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Datos provisionais do ano 2014

Denomínase *esperanza de vida ao nacer* o número medio de anos vividos por unha xeración de nados baixo unhas condicións de mortalidade dadas.

Na actualidade sitúase nos 80 anos nos homes e 86 nas mulleres. A evolución mostra unha redución da diferenza entre ambos os sexos por causa das melloras médicas e dos cambios nos patróns de vida das mulleres.

Outro indicador que cómpre sinalarmos é o *Índice de masculinidade*, que se refire a cantos homes hai por cada cen mulleres. No concello da Coruña é de 86,6 no ano 2016.

A estrutura da poboación por idade mostra un feito pouco común: no grupo de idade laboral 16-64 anos hai máis mulleres que homes. Comparado coas outras provincias de España, soamente na da Coruña e Pontevedra en Galicia, xunto a Asturias, se dá esta situación ao longo da serie dispoñible do período 1998-2015.

a.2. Indicadores demográficos

INDICADORES DEMOGRÁFICOS DO CONCELLO DA CORUÑA			
	Homes	Mulleres	Total
Índice de dependencia xeral	50,82	60,72	55,97
Índice de dependencia xuvenil	20,01	17,89	18,91
Índice de envellecemento	117,89	184,32	150,48
Índice de sobreenvellecemento	11,28	17,75	15,17
Índice de recambio de poboación activa	146,12	197,40	171,03

Fonte: Concello da Coruña. Observatorio Urbano. Elaborado a partir de datos do INE. Datos do 1 de xaneiro de 2016

O *índice de dependencia xeral* defínese como o cociente da poboación maior de 64 anos e menor de 15 anos entre a poboación comprendida dos 15 aos 64 anos por cento.

$$\text{Índice de dependencia xeral} = [(Pob. >64) + (Pob. <15)] * 100 / (Pob. 15-64)$$

Este indicador fai referencia á “carga” que supón a poboación economicamente pasiva para a poboación activa. Canto máis elevado sexa o valor, maior é a carga da poboación pasiva sobre a activa.

No concello da Coruña, o índice de dependencia xeral é maior nas mulleres que nos homes debido á maior lonxevidade das mulleres.

O *índice de dependencia xuvenil* obtense do cociente entre a poboación menor de 15 anos e a poboación entre 15 e 64 anos, expresado en tanto por cento.

$$\text{Índice de dependencia xuvenil} = (Pob. <15) * 100 / (Pob. 15-64)$$

Este indicador fai referencia ao peso que ten a poboación infantil e xuvenil sobre a poboación activa. Canto maior sexa o valor do índice, maior é o peso da poboación infantil e xuvenil.

No concello da Coruña, o índice de dependencia xuvenil é maior nos homes que nas mulleres, polo maior nacemento de nenos que de nenas.

O *índice de envellecemento* defínese como o cociente entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos, expresado en tanto por cento.

$$\text{Índice de envellecemento} = (\text{Pob. } >64) * 100 / (\text{Pob. } <20)$$

Este indicador fai referencia á capacidade de renovación xeracional. A maior valor do índice, menor capacidade de renovación xeracional.

O *índice de sobreenvellecemento* é o cociente entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos, expresado en tanto por cento.

$$\text{Índice de sobreenvellecemento} = (\text{Pob. } >84) * 100 / (\text{Pob. } >64)$$

O incremento do valor do índice indica un maior envellecemento da poboación.

Tanto no índice de envellecemento como no de sobreenvellecemento é maior o valor no caso feminino debido á meirande lonxevidade das mulleres.

O *índice de recambio de poboación activa* obtense ao calcular o cociente entre a poboación de 60 a 64 anos e a poboación de 15 a 19 anos, expresado en tanto por cento.


$$\text{Índice de recambio de poboación activa} = (\text{Pob. } 60-64) * 100 / (\text{Pob. } 15-19)$$

Este índice mide a capacidade de substitución da poboación activa. O decrecemento do valor do indicador representa unha maior capacidade de renovación xeracional da poboación activa.

A diferenza que se atopa por sexo no índice de recambio de poboación activa é debida a que hai máis mulleres que homes na franxa de idade de 60 a 64 anos (56% mulleres, 44% homes) e, ademais, máis homes que mulleres na franxa de 15 a 19 anos (49% mulleres, 51% homes).

a.3. Distribución da poboación segundo o sexo, a idade e o distrito censual

O concello da Coruña divídese en dez distritos censuais e a distribución da poboación neles está representada na seguinte gráfica:



*Fonte: Concello da Coruña. Observatorio Urbano.
Elaborado a partir de datos do INE. Datos do 1 de xaneiro de 2016*

A táboa que se amosa a continuación mostra a distribución porcentual da poboación por xénero e distrito censual. A composición en cada distrito mantén características semellantes: a maior proporción de mulleres en todos eles e a equiparación porcentual entre mulleres e homes no distrito 9.

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN POR DISTRITOS CENSAIS E SEXO					
Distritos	% homes	% mulleres	Distritos	% homes	% mulleres
1	46%	54%	6	46%	54%
2	46%	54%	7	46%	54%
3	45%	55%	8	48%	52%
4	46%	54%	9	50%	50%
5	47%	53%	10	48%	52%

*Fonte: Concello da Coruña. Observatorio Urbano.
Elaborado a partir dos datos do INE. Datos do 1 de xaneiro de 2016*

DISTRITOS CENSUAIS

Distrito 1: Cidade Vella, Juana de Vega e Orzán (lindando coa praza de España).

Distrito 2: Monte Alto, A Torre e Durmideiras.

Distrito 3: Juana de Vega, Juan Flórez, Catro Camiños, Palloza, Ramón y Cajal e parte de Avda. do Exército.

Distrito 4: parte da Avda. de Fisterra, Estación de Ferrocarril, Joaquín Planells*, Mallos e Sagrada Familia. *(Na actualidade (Lei da memoria histórica): avenida Ferrocarril)

Distrito 5: Labañou, Zona Escolar, San Pedro de Visma, Estrada dos Fortes e Os Rosais.

Distrito 6: Avda. de Fisterra ata Avda. de Peruleiro (Agra do Orzán).


Distrito 7: Os Castros, Castrillón, 1ª fase do polígono de Elviña, 2ª fase do polígono de Elviña, zona Gaitreira, Birloque e Martinete.

Distrito 8: As Xubias, Ponte Pasaxe, Santa Gema, Palavea, Eirís, A Madosa, A Regueira e Pedralonga.

Distrito 9: Lugar de Elviña, Zapateira, Mesoiro, Feáns e Vío.

Distrito 10: A Grela, A Silva, Ventorrillo, A Moura, lugar de Cances, lugar de Bens, Nostián e San Xosé.

No plano da seguinte páxina están debuxados os dez distritos censuais cos seus lindes en cor vermella.



Na táboa seguinte consta a distribución da poboación coruñesa por sexo, idade e distrito censual. O distrito máis poboado é o 7 onde residen un 22% dos habitantes da Coruña, seguido dos distritos 5 e 4. Os menos poboados son os distritos 8 e 10, cun 4% do total de habitantes da cidade en cada un deles.

POBOACIÓN DO CONCELLO DA CORUÑA POR SEXO, IDADE E DISTRITO CENSUAL									
	Distrito 1			Distrito 2			Distrito 3		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
0 a 4	418	224	194	1.211	626	585	933	475	458
5 a 9	474	215	259	1.181	581	600	1.035	537	498
10 a 14	373	206	167	1.080	545	535	910	461	449
15 a 19	362	183	179	1.064	544	520	873	430	443
20 a 24	471	215	256	1.163	616	547	1.008	519	489
25 a 29	689	323	366	1.345	656	689	1.148	557	591
30 a 34	880	438	442	2.066	962	1.104	1.468	759	709
35 a 39	1.019	489	530	2.638	1.266	1.372	1.838	873	965
40 a 44	1.126	568	558	2.597	1.284	1.313	2.003	965	1.038
45 a 49	958	492	466	2.354	1.106	1.248	1.751	817	934
50 a 54	855	428	427	2.207	995	1.212	1.680	733	947
55 a 59	837	389	448	2.041	940	1.101	1.699	757	942
60 a 64	706	322	384	1.855	776	1.079	1.673	660	1.013
65 a 69	733	307	426	2.014	888	1.126	1.762	717	1.045
70 a 74	711	306	405	1.706	707	999	1.578	645	933
75 a 79	572	223	349	1.319	529	790	1.229	487	742
80 a 84	581	209	372	1.198	446	752	1.270	438	832
85 e máis	702	200	502	1.106	337	769	1.368	409	959
Total	12.467	5.737	6.730	30.145	13.804	16.341	25.226	11.239	13.987
	Distrito 4			Distrito 5			Distrito 6		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
0 a 4	907	470	437	1.376	662	714	804	403	401
5 a 9	1.029	523	506	1.651	836	815	943	475	468
10 a 14	995	499	496	1.714	866	848	956	463	493
15 a 19	1.083	533	550	1.505	785	720	933	484	449
20 a 24	1.329	661	668	1.384	716	668	1.128	568	560
25 a 29	1.610	782	828	1.423	705	718	1.354	684	670
30 a 34	2.011	1.045	966	1.976	981	995	1.656	865	791
35 a 39	2.509	1.278	1.231	2.424	1.176	1.248	2.078	1.041	1.037
40 a 44	2.378	1.167	1.211	3.025	1.449	1.576	2.153	1.078	1.075
45 a 49	2.208	1.065	1.143	3.127	1.492	1.635	1.974	936	1.038
50 a 54	2.182	1.022	1.160	2.752	1.277	1.475	1.731	770	961
55 a 59	2.235	1.014	1.221	2.367	1.085	1.282	1.640	758	882
60 a 64	2.153	965	1.188	2.038	954	1.084	1.561	662	899
65 a 69	2.072	894	1.178	1.900	841	1.059	1.876	783	1.093
70 a 74	1.921	794	1.127	1.622	699	923	1.871	807	1.064
75 a 79	1.600	660	940	1.156	488	668	1.428	611	817
80 a 84	1.466	550	916	1.180	420	760	1.232	490	742
85 e máis	1.266	363	903	1.066	309	757	874	293	581
Total	30.954	14.285	16.669	33.686	15.741	17.945	26.192	12.171	14.021

	Distrito 7			Distrito 8			Distrito 9		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
0 a 4	2.002	1.030	972	470	265	205	1.144	598	546
5 a 9	2.171	1.081	1.090	558	285	273	1.124	594	530
10 a 14	2.048	1.054	994	478	235	243	526	276	250
15 a 19	2.032	1.062	970	439	240	199	353	193	160
20 a 24	2.177	1.057	1.120	445	233	212	363	204	159
25 a 29	2.664	1.341	1.323	498	229	269	429	196	233
30 a 34	3.370	1.678	1.692	685	352	333	1.093	495	598
35 a 39	4.370	2.088	2.282	988	474	514	1.982	1.005	977
40 a 44	4.465	2.131	2.334	1.040	487	553	1.661	833	828
45 a 49	4.081	1.975	2.106	938	467	471	938	486	452
50 a 54	3.872	1.784	2.088	759	357	402	533	288	245
55 a 59	3.993	1.742	2.251	705	352	353	418	221	197
60 a 64	3.848	1.676	2.172	548	257	291	262	127	135
65 a 69	3.729	1.641	2.088	573	249	324	248	126	122
70 a 74	3.103	1.385	1.718	440	223	217	193	84	109
75 a 79	2.430	1.024	1.406	342	148	194	129	61	68
80 a 84	2.098	811	1.287	330	129	201	105	33	72
85 e máis	1.797	509	1.288	310	92	218	109	31	78
Total	54.250	25.069	29.181	10.546	5.074	5.472	11.610	5.851	5.759
	Distrito 10			Concello da Coruña					
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres			
0 a 4	428	216	212	9.693	4.969	4.724			
5 a 9	363	183	180	10.529	5.310	5.219			
10 a 14	280	143	137	9.360	4.748	4.612			
15 a 19	297	143	154	8.941	4.597	4.344			
20 a 24	392	200	192	9.860	4.989	4.871			
25 a 29	497	242	255	11.657	5.715	5.942			
30 a 34	649	331	318	15.854	7.906	7.948			
35 a 39	833	421	412	20.679	10.111	10.568			
40 a 44	745	361	384	21.193	10.323	10.870			
45 a 49	659	324	335	18.988	9.160	9.828			
50 a 54	681	311	370	17.252	7.965	9.287			
55 a 59	775	345	430	16.710	7.603	9.107			
60 a 64	648	318	330	15.292	6.717	8.575			
65 a 69	541	262	279	15.448	6.708	8.740			
70 a 74	401	188	213	13.546	5.838	7.708			
75 a 79	271	122	149	10.476	4.353	6.123			
80 a 84	247	100	147	9.707	3.626	6.081			
85 e máis	195	67	128	8.793	2.610	6.183			
Total	8.902	4.277	4.625	243.978	113.248	130.730			

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). Datos do 1 de xaneiro de 2016

a.4. Movements migratorios por sexo

Se ben nacen máis homes que mulleres e, pola contra, as mulleres son máis lonxevas, no grupo intermedio establécese certo equilibrio. Analizando os datos do concello da Coruña, a razón do predominio de mulleres en todos os grupos a partir dos 20 anos parece deberse, neste caso, á tendencia da inmigración interna de mulleres en Galicia, procedentes da comarca, da provincia ou da comunidade autónoma. A diferenza dos movementos migratorios de homes que se desprazan máis cas mulleres a outras CC.AA. ou ao estranxeiro.

A información referida aos movementos migratorios do concello no ano 2015 mostra a mesma tendencia, como se pode ver na táboa seguinte:

DISTRIBUCIÓN POR SEXO DOS MOVEMENTOS MIGRATORIOS NO CONCELLO DA CORUÑA. ANO 2015				
	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
TOTAL EMIGRACIÓN	4.068	50	4.072	50
Emigración interna	2.188	48,7	2.308	51,3
Emigración externa	1.880	51,6	1.764	48,4
A outra CCAA	1.171	51,2	1.114	48,8
Ao estranxeiro	709	52,2	650	47,8
TOTAL INMIGRACIÓN	4.415	49,5	4.506	50,5
Inmigración interna	2.456	48,6	2.600	51,4
Inmigración externa	1.959	50,7	1.906	49,3
Doutra CCAA	1.173	52,9	1.043	47,1
Do estranxeiro	786	47,7	863	52,3

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Saldo migratorio

O saldo migratorio é a diferenza entre o número de inmigracións e o número de emigracións. Se é positivo indica que as entradas de poboación superan as saídas e se é negativo o contrario.

O saldo migratorio interno é a diferenza entre a inmigración interna e a emigración interna, é dicir, a diferenza entre as persoas que veñen de outros lugares de Galicia e os que se van a outros concellos de Galicia.


Defínese o saldo migratorio externo como a diferenza entre a inmigración externa e a emigración externa. Aparecen dous tipos de saldo migratorio externo: co resto de España (diferenza entre as altas procedentes das outras comunidades autónomas e as baixas con destino nas mesmas), e co estranxeiro (diferenza entre as altas procedentes do estranxeiro e as baixas con ese mesmo destino).

Como se desprende da táboa que se atopa na páxina seguinte, o saldo migratorio é positivo tanto en homes como en mulleres o que significa que viñeron máis persoas das que se foron.

Destaca na táboa seguinte o elevado dato de saldo migratorio externo das mulleres co estranxeiro o que significa que chegaron máis mulleres do estranxeiro das que se foron.

SALDO MIGRATORIO NO CONCELLO DA CORUÑA – ANO 2015				
	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Saldo migratorio	781	347	434	55,6
Saldo migratorio interno	560	268	292	52,1
Saldo migratorio externo	221	79	142	64,3
Co resto de España	-69	2	-71	102,9
Co estranxeiro	290	77	213	73,4

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)



a.5. Poboación española residente no estranxeiro inscrita no concello da Coruña, segundo o sexo

A seguinte táboa amosa o número de persoas de nacionalidade española que residen no estranxeiro e que están inscritas no concello da Coruña para os efectos electorais.

POBOACIÓN DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA RESIDENTE NO ESTRANXEIRO INSCRITA NO CONCELLO DA CORUÑA SEGUNDO O SEXO - ANO 2016			
Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
15.494	49,4	15.852	50,6


Fonte: Concello da Coruña. Observatorio Urbano. Elaborado a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística (INE). Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE).

Estes datos mostran que hai unha maior porcentaxe de mulleres (50,6%) que de homes (49,4%) que viven no estranxeiro, feito vinculado coa necesidade de busca de emprego e de mellora laboral.

a.6. Poboación estranxeira que reside no concello da Coruña segundo o sexo e as principais nacionalidades

No concello da Coruña residían 10.753 persoas estranxeiras a 1 de xaneiro de 2015, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, o que representa un 4,4% da poboación.

As grandes áreas de procedencia por significancia estatística son, respectivamente: América, Europa, África e Asia. As mulleres son maioría entre a poboación que vén de América, fundamentalmente do sur, mentres que son os homes os que predominan entre a procedente de África. A menor diferenza cuantitativa móstrase na poboación de nacionalidade europea, aínda que tanto na procedente da Europa non comunitaria como na de América do Sur hai máis mulleres que homes residindo na cidade herculina.



Fonte: Concello da Coruña. Observatorio Urbano. Elaborado a partir de datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) a 1 de xaneiro de 2016

A táboa da páxina seguinte mostra con maior detalle as procedencias da poboación estranxeira que reside no concello da Coruña.


POBOACIÓN ESTRANXEIRA QUE RESIDE NO CONCELLO DA CORUÑA POR SEXO E PRINCIPAIS NACIONALIDADES			
	Total	Homes	Mulleres
Total poboación estranxeira	10.448	5.231	5.217
Total Unión Europea (UE-28)	2.860	1.444	1.416
Alemaña	113	53	60
Francia	164	78	86
Italia	571	305	266
Polonia	58	13	45
Portugal	589	340	249
Reino Unido	207	113	94
Bulgaria	119	61	58
Romanía	807	364	443
Total Europa non comunitaria	391	166	225
Rusia	134	42	92
Ucráina	85	27	58
Total África	1.615	1.183	432
Alxeria	121	95	26
Marrocos	415	254	161
Nixeria	121	57	64
Senegal	730	623	107
Total América	4.770	1.998	2.772
Arxentina	313	141	172
Bolivia	196	80	116
Brasil	755	232	523
Colombia	561	249	312
Cuba	382	180	202
Chile	70	32	38
Ecuador	123	57	66
Paraguai	130	30	100
Perú	548	260	288
República Dominicana	530	244	286
Uruguai	313	139	174
Venezuela	423	171	252
Total Asia	796	430	366
China	503	251	252
Paquistán	106	78	28
Oceanía e apátridas	16	10	6

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Datos do 1 de xaneiro de 2016.

Os datos da táboa mostran a distribución da poboación estranxeira que reside no concello da Coruña por continentes de orixe. Dentro de cada continente soamente se amosan os datos das principais nacionalidades.

a.7. Censo de persoas con discapacidade segundo o sexo, grao e tipo de discapacidade

Segundo os datos do Censo de persoas con discapacidade que publica a Consellería de Política Social, hai máis mulleres que homes con discapacidade recoñecida nos tres tipos: física, psíquica e sensorial, e é a existencia de discapacidade física a de maior incidencia sobre as mulleres, fundamentalmente as de maior idade.




Fonte: Concello da Coruña. Observatorio Urbano. Elaborado a partir de datos da Consellería de Política Social (Xunta de Galicia) a 31 de decembro de 2016.

CENSO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE SEGUNDO SEXO, IDADE, GRAO E TIPO DE DISCAPACIDADE CONCELLO DA CORUÑA							
Grao de discapacidade	de Idade	Física		Psíquica		Sensorial	
		Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Menos ou igual ao 64%	Menos ou igual a 6	10	18	15	9	2	5
	Entre 7 e 15	22	26	74	31	11	7
	Entre 16 e 29	52	53	97	42	27	16
	Entre 30 e 49	547	479	323	267	141	129
	Entre 50 e 64	1.011	1.218	279	508	264	297
	Entre 65 e 74	1.217	1.381	200	430	347	333
	Máis ou igual a 75	1.627	1.973	148	357	472	492
Máis do 64% e menos ou igual ao 74%	Menos ou igual a 6	3	1	2	1	1	0
	Entre 7 e 15	9	8	15	7	4	2
	Entre 16 e 29	27	21	80	43	10	6
	Entre 30 e 49	262	151	533	305	72	49
	Entre 50 e 64	286	342	327	390	73	101
	Entre 65 e 74	298	393	132	267	84	98
	Máis ou igual a 75	617	998	147	395	136	226
Máis do 74%	Menos ou igual a 6	3	1	3	1	1	2
	Entre 7 e 15	12	10	15	10	5	5
	Entre 16 e 29	41	38	51	35	16	11
	Entre 30 e 49	133	114	141	108	57	37
	Entre 50 e 64	198	150	143	99	96	71
	Entre 65 e 74	183	181	83	110	82	74
	Máis ou igual a 75	575	1.037	186	551	216	334

b. Educación

b.1. Distribución da poboación segundo o sexo e o nivel de estudos

En xeral, as mulleres predominan en todos os niveis de estudos, agás os niveis correspondentes a Formación Profesional (FP) e en maior medida a FP superior ou Mestría Industrial; este dato podería ser indicativo da segregación de xénero nas opcións de estudos nas que aínda persiste a masculinización das áreas formativas máis 'técnicas' e/ou industriais.



O número de mulleres é maior que o dos homes nas titulacións universitarias ou de maior nivel académico. É dicir, tendo en conta o conxunto de persoas con diplomatura, grao universitario, licenciatura, mestrado oficial universitario, doutorado ou equivalentes; o 55,5% son mulleres e o 44,5% son homes.

Aínda que tamén hai unha maior presenza das mulleres nas opcións de menor nivel de formación, que son: non sabe ler nin escribir, sen estudos, sen completar Bacharelato, ESO ou EXB. Este feito está vinculado ás persoas de maior idade, en que os estudos das mulleres eran escasos.

POBOACIÓN RESIDENTE SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDOS E SEXO. CONCELLO DA CORUÑA. CENSO DE POBOACIÓN E VIVENDAS 2011				
Nivel académico acadado	Homes	Mulleres	Total	% mulleres
Non sabe ler ou escribir	475	1.140	1.620	70,4
Sen estudos	4.755	10.955	15.710	69,7
Foi á escola 5 ou máis anos pero non obtivo a titulación	10.795	15.995	26.790	59,7
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	23.530	25.300	48.830	51,8
Bacharelato elemental, superior, BUP, COU, PREU	17.155	17.525	34.680	50,5
FP medio, FP I, Oficialía Industrial ou equivalente, Grao Medio de Música e Danza, Certificados de Escolas Oficiais de Idiomas	6.135	5.695	11.830	48,1
FP superior, FP II, Mestría industrial ou equivalente	9.745	7.660	17.410	44,0
Diplomatura universitaria, Arquitectura Técnica, Enxeñería Técnica	7.965	12.230	20.200	60,5
Grao universitario ou equivalente	2.305	1.985	4.285	46,3
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería ou equivalente	12.300	14.705	27.005	54,5
Mestrado oficial universitario (dende 2006), especialidades médicas ou análogas	1.675	1.925	3.600	53,5
Doutoramento	1.135	830	1.960	42,3
Non é aplicable	15.630	14.745	30.375	48,5
Total	113.595	130.695	244.295	53,5

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). Censo de Poboación e Vivendas 2011.

b.2. Alumnado matriculado en ensinanzas de réxime xeral segundo o sexo e a ensinanza non universitaria

No curso 2016-2017 matriculáronse máis mulleres que homes en ciclos formativos e en ensinanzas básicas iniciais do réxime de adultos. Tamén foron máis mulleres que homes as que se matricularon en bacharelato e en ciclos formativos de grao medio no réxime xeral ordinario. No resto dos estudos, ocorre o contrario, sendo maior o número de homes que de mulleres.

ALUMNADO MATRICULADO EN ENSEINANZAS DE RÉXIME XERAL SEGUNDO O SEXO E TIPO DE ENSEINANZA CONCELLO DA CORUÑA					
Réxime	Ensinanza	Ciclo	Curso 2016 - 2017		
			Homes	Mulleres	% mulleres
Réxime adultos	Bacharelato		357	329	48%
	Ciclos formativos	Ciclos formativos de grao medio	522	829	61,4%
		Ciclos formativos de grao superior	609	1.021	62,6%
	Educación secundaria para persoas adultas		300	211	41,3%
	Ensinanzas básicas iniciais		32	36	52,9%
Réxime xeral	Educación Especial		125	81	39,3%
Réxime xeral ordinario	Bacharelato		1.626	1.692	51%
	Ciclos formativos	Ciclos formativos de grao medio	955	998	51,1%
		Ciclos formativos de grao superior	1.496	1.405	48,4%
		Formación Profesional Básica	321	161	33,4%
	Educación infantil		3.097	2.984	49,1%
	Educación primaria		6.941	6.557	48,6%
Educación Secundaria Obrigatoria		4.442	4.117	48,1%	
TOTAL			20.823	20.421	49,5%

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Datos provisionais

b.3. Alumnado sen nacionalidade española matriculado en ensinanzas de réxime xeral segundo o sexo e o continente de procedencia

Na seguinte táboa amósase o alumnado estranxeiro matriculado en ensinanzas de réxime xeral onde hai máis mulleres (51,6%) que homes. O maior número de estudantes estranxeiros son procedentes de América.

ALUMNADO SEN NACIONALIDADE ESPAÑOLA MATRICULADO EN ENSEINANZAS DE RÉXIME XERAL SEGUNDO O SEXO E CONTINENTE DE PROCEDENCIA - CONCELLO DA CORUÑA			
Continente de procedencia	Curso 2016 - 2017		
	Homes	Mulleres	% mulleres
África	108	68	38,6%
América	370	424	53,4%
Asia	51	58	53,2%
Europa	121	141	53,8%
Oceanía	0	1	100%
TOTAL	650	692	51,6%

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Datos provisionais

b.4. Alumnado matriculado en ESO segundo o sexo, os resultados obtidos e a titularidade do centro


Nos resultados obtidos polo alumnado da ESO no curso 2015-2016 hai un equilibrio entre homes e mulleres (51,5% mulleres, 48,5% homes) con todas as áreas superadas.

O alumnado promovido con áreas non superadas, as mulleres son menos da metade (46%) e no caso da promoción obrigatoria o 39%.

Por último no grupo de alumnado que non promocionan de curso, as mulleres son o 37% e os homes o 63%.

ALUMNADO MATRICULADO EN ESO SEGUNDO O SEXO, RESULTADOS OBTIDOS E TITULARIDADE DO CENTRO. CONCELLO DA CORUÑA. CURSO 2015-2016									
Titularidade	Ensinanza	Promovidos con todas as áreas superadas		Promovidos con áreas non superadas		Promoción obrigatoria		Non promovidos	
		H	M	H	M	H	M	H	M
Centros públicos	1º ESO	281	303	136	119	74	60	135	71
	2º ESO	264	312	66	78	43	23	133	99
	3º ESO	210	255	97	93	62	33	90	58
	3º ESO Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento	14	10	12	7	2	0	5	3
	4º ESO	228	268	107	107	0	0	71	46
	4º ESO Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento	24	33	3	5	0	0	7	3
Centros privados	1º ESO	483	438	63	57	18	11	34	17
	2º ESO	454	448	67	47	15	12	52	26
	3º ESO	411	458	92	57	17	10	60	40
	4º ESO	381	393	105	63	0	0	53	17

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Datos provisionais



b.5. Profesorado de ensinanza non universitaria en centros de réxime xeral segundo o sexo e a titularidade do centro

A ensinanza non universitaria é impartida maioritariamente por mulleres, tanto no sector público como no privado, constituíndo sete de cada dez docentes.

PROFESORADO DE ENSINANZA NON UNIVERSITARIA DE RÉXIME XERAL SEGUNDO O SEXO E A TITULARIDADE DO CENTRO EDUCATIVO - CONCELLO DA CORUÑA				
Titularidade do centro	Curso 2015 - 2016			
	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres
Centros públicos	569	30,1%	1.322	69,9%
Centros privados	388	31,7%	836	68,3%
TOTAL	957	30,7%	2.158	69,3%

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Datos provisionais depurados.

b.6. Alumnado matriculado na UDC de grao e de titulacións non adaptadas ao EEES por centro universitario do Campus da Coruña

Os centros universitarios onde estudan menor número de mulleres son a Facultade de Informática (14%) e a Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas (15%), seguidas da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (20%), a Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos (31%), a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (45%) e a Facultade de Economía e empresa (48%). En todos os demais casos, o número de mulleres supera ao dos homes.

No extremo contrario están as titulacións de Enfermaría e Ciencias da saúde, nas que as mulleres superan o 80%.

ALUMNADO MATRICULADO NA UDC DE GRAO E DE TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO EEES POR CENTRO CAMPUS DA CORUÑA				
Centros do Campus da Coruña	Curso 2016 - 2017			
	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Facultade de Ciencias	338	40,9%	489	59,1%
Facultade de Ciencias da Comunicación	113	40,1%	169	59,9%
Facultade de Ciencias da Educación	453	21,13%	1.674	78,7%
Facultade de Ciencias da Saúde	53	18%	241	82%
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	642	79,8%	163	20,2%
Facultade de Dereito	412	35,3%	756	64,7%
Facultade de Economía e Empresa	1.063	52,4%	964	47,6%
Facultade de Filoloxía	130	26,9%	354	73,1%
Facultade de Fisioterapia	130	39,6%	198	60,4%
Facultade de Informática	1.078	86,2%	173	13,8%
Facultade de Socioloxía	179	40%	269	60%
Escola Técnica Superior de Arquitectura	507	45,8%	599	54,2%
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	470	68,6%	215	31,4%
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	431	85%	76	15%
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	265	55,1%	216	44,9%
Escola Universitaria de Enfermaría (adscrita)	40	14,8%	230	85,2%
Escola Universitaria de Relacións Laborais (adscrita)	134	42,8%	179	57,2%
Escola Universitaria de Turismo (adscrita)	53	27,5%	140	72,5%
Total	6.491	47,7%	7.105	52,3%


Fonte: Concello da Coruña. Observatorio Urbano. Elaborado a partir de datos da Universidade da Coruña (UDC)

b.7. Profesorado da UDC segundo o sexo, a categoría e a dedicación

Na Universidade da Coruña hai máis homes que mulleres entre o profesorado, tanto nos casos de dedicación completa como de dedicación parcial. En ambos casos, tan só o 37% do profesorado son mulleres.

Profesorado da UDC segundo o sexo, a categoría e a dedicación				
Categoría	Dedicación completa		Dedicación parcial	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Asociado/a	0	0	32	117
Asociado/a tipo 1	0	0	35	12
Asociado/a tipo 3 de substitución	0	0	0	7
Axudante doutor/a	30	27	0	0
Axudante LOU	2	1	0	0
Catedrático/a de escola universitaria	15	24	0	0
Catedrático/a de universidade	19	115	0	2
Colaborador/a	15	38	0	0
Contratado/a doutor/a	96	113	0	0
Contratado/a interino/a de substitución	31	39	39	38
Emérito/a	0	0	0	1
Lector/a de idiomas	0	0	4	2
Interino/a de E.O. Náutica	1	0	0	0
Asociado/a a CC. da Saúde	0	0	0	2
Profesor/a de INEF de Galicia	4	16	0	2
Numerario/a de E.O. Náutica	2	1	0	0
Titular de escola universitaria	44	88	0	2
Titular de universidade	163	245	0	2
Titular interino/a de escola universitaria	0	1	0	0
TOTAL	422	708	110	187

Fonte: Universidade da Coruña (UDC). Datos de decembro de 2015.



c. Situación laboral

c.1. Poboación de 16 e máis anos segundo o sexo e a relación coa actividade económica segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA)



A *poboación activa* son as persoas que, nun período dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan servizos para incorporarse á dita produción. Comprende a todas as persoas de 16 ou máis anos que cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas e paradas.

A *poboación ocupada* son as persoas de 16 anos ou máis que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións:

- traballando polo menos unha hora por un soldo, salario ou beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie
- con emprego pero sen traballar por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas, mal tempo ou razóns análogas

A *poboación parada* son as persoas de 16 anos ou máis que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando emprego. Son persoas paradas tamén as que atoparon un traballo e están esperando incorporarse sempre que se verifiquen as dúas primeiras condicións.

A *poboación inactiva* abrangue a todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas.



O motivo da inactividade, segundo a referencia da provincia da Coruña xa que non hai datos a nivel municipal, mostran como primeira causa da inactividade para toda a poboación, o feito de estar en situación de retiro, xubilación ou ser pensionista que supoñen o 58% da inactividade. En segundo lugar as labores do fogar (19%), terceiro estudantes (13,2%) e por outros motivos un 9,1%. Segundo a idade varían as causas da inactividade. Nas mulleres xoves a causa maior son os estudos, nunha idade media as labores do fogar, despois dos 55 a xubilación, retiro ou pensionistas.

Na poboación activa (que traballan ou busca emprego) residente no Concello da A Coruña, hai menos mulleres (unhas 50.800 que supoñen o 49,2%) que homes (60.800 polo tanto o 50,8%).

Na ocupación a cifra é similar en homes e mulleres, sendo a distribución do 50% por sexo. É dicir, o 50% da poboación ocupada son mulleres.

As mulleres son o 44,4% do total de persoas en paro.

A seguinte táboa mostra o número de miles de persoas de 16 e máis anos residentes no concello da Coruña segundo a súa relación coa actividade económica. As cifras absolutas indican un maior número de mulleres que homes maiores de 16 anos, un 52,6% mulleres e 47,4% homes. Debido tamén á maior porcentaxe de mulleres segundo aumenta a idade.


POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS POR SEXO E RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA								
COMPARATIVA CONCELLO DA CORUÑA E GALICIA. MILES DE PERSOAS E PORCENTAXE POR SEXO								
MEDIA ANO 2016 (EPA)								
	Concello da Coruña				Galicia			
	Homes (miles)	% homes	Mulleres (miles)	% mulleres	Homes (miles)	% homes	Mulleres (miles)	% mulleres
Poboación Activa	60,2	50,8%	58,2	49,2%	657,8	52,4%	598,3	47,6%
Poboación ocupada	50,1	50,0%	50,1	50,0%	549,0	52,8%	491,7	47,3%
Poboación parada	10,2	55,6%	8,1	44,4%	108,8	50,5%	106,6	49,5%
Poboación Inactiva	41,2	43,1%	54,5	56,9%	467,1	42,7%	626,7	57,3%
TOTAL POB. > 16	101,5	47,4%	112,7	52,6%	1124,8	47,9%	1225	52,1%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Enquisa de poboación activa (EPA). Datos absolutos expresados en miles de persoas.

c.2. Taxas de actividade, ocupación e paro segundo o sexo

As taxas que se reflicten a continuación supoñen o porcentaxe respecto a o propio sexo.

Os homes presentan unha maior taxa de actividade e de ocupación. Como novidade, a taxa de paro nos homes supera a das mulleres na cidade.



A *Taxa de actividade* é a porcentaxe de poboación activa sobre o total de poboación de 16 ou máis anos.

A taxa de actividade é máis alta nos homes, o que indica unha maior porcentaxe de homes maiores de 16 anos que están no mercado laboral, sexa traballando ou na procura de atopar emprego. A inactividade é, polo tanto, meirande na muller.

A *Taxa de ocupación* defínese como a porcentaxe de poboación ocupada sobre a poboación de 16 ou máis anos.

No colectivo de persoas maiores de 16 anos é maior a porcentaxe de homes que teñen traballo que no caso das mulleres.

A *Taxa de paro* é a porcentaxe de poboación en desemprego (situación 'parada') sobre o total da poboación activa.

Dentro das persoas activas, é dicir, que están no mercado laboral ou na procura de entrar a formar parte del, acada un valor maior a porcentaxe de homes (16,9%) que de mulleres (14%) que están en situación de paro no concello da Coruña.

TAXAS RELACIONADAS COA ACTIVIDADE COMPARATIVA CONCELLO DA CORUÑA E GALICIA. MEDIA AÑO 2016						
	CONCELLO DA CORUÑA			GALICIA		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Taxa de actividade	59,3	51,7	55,3	58,5	48,8	53,5
Taxa de ocupación	49,4	44,4	46,8	48,8	40,1	44,3
Taxa de paro	16,9	14,0	15,4	16,5	17,8	17,1

Fonte: Concello da Coruña. Elaborado a partir dos datos da Enquisa de poboación activa (EPA)


Taxa de actividade= Poboación activa / Poboación > 16 anos*100

Taxa de ocupación =Poboación ocupada / Poboación > 16 anos*100

Taxa de paro= Poboación en paro / Poboación activa*100

c.3. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o sexo e grupos de idade

Aínda que os datos da EPA 2016 sinalan un número similar de homes que mulleres traballando e unha taxa da ocupación máis alta nos homes que nas mulleres, os datos dos rexistros da afiliación á Seguridade Social de persoas en situación de alta laboral amosan un maior número de mulleres traballando que de homes en todos os grupos de idade, agás en menores de 20 anos que é similar. Este feito pode apreciarse nos datos da táboa e a gráfica da páxina seguinte.



AFILIACIÓN NA SEGURIDADE SOCIAL EN ALTA LABORAL SEGUNDO O SEXO E A IDADE RESIDENTES NO CONCELLO DA CORUÑA. MEDIA ANUAL 2016				
Grupo de Idade	Nº	%	Nº	%
	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
<20	98	50,3	97	49,7
20-24	1.099	48,4	1.172	51,6
25-29	2.718	46,4	3.145	53,6
30-34	4.692	48,8	4.923	51,2
35-39	6.431	48,6	6.800	51,4
40-44	6.876	49,0	7.149	51,0
45-49	5.966	48,9	6.238	51,1
50-54	4.879	47,4	5.423	52,6
55-59	4.195	48,4	4.480	51,6
>=60	3.276	46,8	3.724	53,2
Total	40.230	48,2	43.150	51,8

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Media dos trimestres 2016

Outro aspecto que cómpre ter en conta é o dato de afiliación segundo o réxime de cotización.


Dado que non está publicada a distribución por sexo, hai datos do total por réximes. No caso do réxime de 'empregadas/os de fogar', (incluído no réxime xeral dende 2012) que con case exclusividade son mulleres, hai 3.186 persoas residentes dadas de alta, o que supón unha cifra relevante pois é o 7% do total de mulleres en alta laboral.

AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL EN ALTA LABORAL SEGUNDO O CONCELLO DE RESIDENCIA DO AFILIADO NO RÉXIME ESPECIAL EMPREGADOS DO FOGAR			
Media anual 2016	nº	%	% do total mulleres en alta laboral
Galicia	27.322	6,2	
Concello da Coruña	3.186	7,4	

Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia do afiliado.

c.4. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o sexo e a nacionalidade

Entre as persoas en alta laboral na Seguridade Social residentes no concello da Coruña, a distribución por sexo é similar, independentemente da súa nacionalidade: o 51,8% de persoas afiliadas con nacionalidade española son mulleres e o 50,5% no caso da nacionalidade estranxeira.



DISTRIBUCIÓN DAS PERSOAS EN ALTA LABORAL NA SEGURIDADE SOCIAL POR SEXO E NACIONALIDADE RESIDENTES NO CONCELLO DA CORUÑA. MEDIA ANUAL 2015				
Nacionalidade	Homes	Mulleres	Total	% mulleres
Española	38.611	41.500	80.111	51,8
Estranxeira	1.619	1.651	3.270	50,5
Total	39.628	41.500	83.380	51,8

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

c.5. Contratos realizados no ano 2016 segundo tipoloxía e o sexo da persoa contratada


Neste apartado facemos a distinción entre os contratos realizados en centros de traballo do concello da Coruña (sexan feitos a persoas residentes no concello herculino ou non) e os contratos realizados a persoas residentes no concello coruñés aínda que os centros de traballo estén neste ou noutro concello.

c.5.1. Contratos en centros de trabajo no concello da Coruña

Nos contratos realizados no ano 2016, hai máis contratos feitos a mulleres (51,9%) tanto nos indefinidos (52,9%) como os temporais de duración determinada (52%). A única excepción é nos contratos non iniciais, de conversión a indefinidos, no que as mulleres amosan unha porcentaxe similar, un 49,8 %.

TIPOLOXÍA DE CONTRATOS REXISTRADOS NOS CENTROS DE TRABALLO DO CONCELLO DA CORUÑA - ANO 2016				
	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Total de contratos rexistrados	119.932	57.628	62.304	51,9%
Total de contratos iniciais	115.825	55.567	60.258	52,0%
Indefinido ordinario e fomento do emprego	6.423	3.017	3.406	53,0%
De obra ou servizo	40.222	22.665	17.557	43,7%
Eventual por circunstancias da produción	51.460	23.924	27.536	53,5%
Interinidade	15.551	4.866	10.685	68,7%
En prácticas	942	406	536	56,9%
Para a formación	200	70	130	65,0%
Outros	1.027	619	408	39,7%
Conversións a indefinidos	4.107	2.061	2.046	49,8%


Fonte: I.G.E. - Instituto Galego de Estatística



CONTRATOS INICIAIS EN CENTROS DE TRABALLO NO CONCELLO DA CORUÑA. ANO 2016				
	Total	Homes	Mulleres	% fila mulleres
Total contratos iniciais	115.825	55.567	60.258	52,0
De duración indefinida	6.509	3.066	3.443	52,9
Temporais ou de duración determinada	109.316	52.501	56.815	52,0

Contratos iniciais segundo o tipo de xornada

Como xa dixemos, as mulleres superan aos homes no número de contratos (52%), pero tamén a porcentaxe de contratos a tempo parcial corresponde nun 60% a mulleres.



CONTRATOS INICIAIS EN CENTROS DE TRABALLO CON RAZÓN SOCIAL NO CONCELLO DA CORUÑA. 2016								
Tipo de xornada	Distribucion (nº)			% fila mulleres	% columna			
	Total	Homes	Mulleres		Total	Homes	Mulleres	
A tempo completo	57.904	33.340	24.564	42,4	50,0	60,0	40,8	
A tempo parcial	57.481	21.978	35.503	61,8	49,6	39,6	58,9	
Fixo discontinuo	440	249	191	43,4	0,4	0,4	0,3	
Total de contratos iniciais	115.825	55.567	60.258	52,0	100,0	100,0	100,0	

Fonte: IGE.Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente


c.5.2. Contratos a persoas residentes no concello da Coruña

Do total de contratos feitos no ano 2016 a persoas residentes no concello da Coruña, o 94% son temporais ou de duración determinada mentres que os indefinidos son o 6% do total.

O 48,7% dos contratos iniciais foron realizados a mulleres, porcentaxe similar aos de duración temporal (48,5%). No caso dos contratos indefinidos, o 50,6% foron feitos a mulleres.

CONTRATOS INICIAIS SEGUNDO SEXO E DURACIÓN DO CONTRATO. ANO 2016 PERSONAS RESIDENTES NO CONCELLO DA CORUÑA				
	Total	Homes	Mulleres	% fila mulleres
Total contratos iniciais	92.695	47.584	45.111	48,7
De duración indefinida	5.650	2.789	2.861	50,6
Temporais ou de duración determinada	87.045	44.795	42.250	48,5

Fonte: IGE-: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.



Contratos por sector económico de actividade

Na distribución por sexo, a menor diferenza no número de contratos dáse no sector Servizos cunha distribución equiparable 48% homes e 52% mulleres.


Na industria as mulleres son o 28%, na Construción 7% e na Agricultura/ Pesca o 5%.

CONTRATOS INICIAIS SEGUNDO XÉNERO, SECTOR DE ACTIVIDADE ECONÓMICA . ANO 2016 PERSONAS RESIDENTES NO CONCELLO DA CORUÑA						
Sector económico	Total	Homes	Mulleres	% columna		% fila Mulleres
				Homes	Mulleres	
Agricultura e pesca	1.625	1.547	78	3,25	0,17	4,8
Industria	5.164	3.703	1.461	7,78	3,24	28,3
Construción	3.146	2.919	227	6,13	0,50	7,2
Servizos	82.760	39.415	43.345	82,83	96,09	52,4
Total	92.695	47.584	45.111	100,00	100,00	48,7

Fonte: IGE.

Analizando a contratación no propio grupo de mulleres, un 96% dos contratos estaban destinados ao sector Servizos e un 3% a Industria. Na Construcción e Agricultura Pesca non chega ao 1% dos seus contratos.

A distribución dentro do grupo de homes é dun 83% nos Servizos, 8% na Industria, 6% na Construcción e 3% na Agricultura ou Pesca.




Contratos por nivel académico

Os contratos máis frecuentes son os realizados a persoas con estudos secundarios (60%) tanto en homes como mulleres.

As diferenzas por sexo móstranse nun maior número de contratos destinados a persoas con titulación superior, no que o 59% son realizados a mulleres. Nos niveis inferiores, son maioría os contratos realizados a homes, excepto no caso das persoas analfabetas.

CONTRATOS INICIAIS SEGUNDO XÉNERO E NIVEL DE ESTUDOS. ANO 2016						
PERSONAS RESIDENTES NO CONCELLO DA CORUÑA						
	Nº de contratos			% fila Mulleres	% columna	
	Total	Homes	Mulleres		Homes	Mulleres
Analfabetos	3.330	1.654	1.676	50,3	3,5	3,7
Estudos primarios	18.354	10.869	7.485	40,8	22,8	16,6
Estudos secundarios	54.894	28.513	26.381	48,1	59,9	58,5
Estudos superiores	15.868	6.538	9.330	58,8	13,7	20,7
Sen clasificar	249	10	239	96,0	0,0	0,5
Total	92.695	47.584	45.111	48,7	100,0	100,0



c.6. Comparativa nos salarios


Neste apartado, elaborado con datos do Estudo de salarios realizado polo IGE, o salario refírese as percepcións salariais brutas, isto é, antes do pagamento de impostos e que estas inclúen, así mesmo, os importes correspondentes ás percepcións en especie satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendementos do traballo.

O salario das mulleres é inferior. As diferenzas salariais entre homes e mulleres son maiores no concello da Coruña que no conxunto de Galicia. Por outra banda, a maior desigualdade preséntase nos traballos a xornada parcial nos que, como se mostrou anteriormente, as mulleres son maioría (62%).

Na media xeral as mulleres cobran 2,8 euros menos por hora de traballo, diferenza que se acentúa no caso dos contratos a tempo parcial no que cobran 4,7 euros menos.

MEDIA DO SALARIO BRUTO POR HORA SEGUNDO O SEXO E TIPO DE XORNADA (EUROS/HORA) GALICIA E CONCELLO DA CORUÑA - ANO 2014						
	Total		Xornada completa		Xornada parcial	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Concello da Coruña	10,8	8	10,9	8,8	10,7	6
Galicia	8,8	7,1	8,7	7,5	9,1	6

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Estudo de salarios.



A mediana do salario, que indica que o 50% do grupo non supera esa cifra, sitúase nuns 7,7 euros/hora nos homes e 6,4 nas mulleres.

SALARIO BRUTO POR HORA SEGUNDO O SEXO (MEDIA E MEDIANA). ANO 2014						
Euros/hora	Media			Mediana		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Concello da Coruña	9,4	10,6	8,2	7	7,7	6,4
Galicia	8	8,7	7,1	6,3	6,8	5,8


Outro feito a considerar é a diferenza do salario no caso do emprego temporal, no que as mulleres cobran 2,6 euros menos por hora que os homes. No emprego indefinido esta diferenza é de 2 euros.

MEDIA DO SALARIO BRUTO POR HORA SEGUNDO SEXO E TIPO DE CONTRATO. ANO 2014						
	Total		Indefinido		Temporal	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Concello da Coruña	10,6	8,2	10,8	8	9,1	6,5
Galicia	8,7	7,1	8,9	6,8	7,3	6,2

c.7. Poboación parada segundo o sexo e a idade

Hai máis mulleres que homes rexistradas no paro. Por idade, soamente no grupo de menores de 24 anos o número de homes é superior ao das mulleres. Inflúe tamén que as mulleres abandonan menos os estudos e incorpóranse máis tarde ao mercado laboral.

Aínda que hai maior número de mulleres en case todos os grupos de idade, a relación de persoas en paro co mesmo grupo de idade da poboación residente indica de todos os xeitos que proporcionalmente o paro recae máis nas mulleres.




CONCELLO DA CORUÑA						
	POBOACIÓN RESIDENTE (1/1/2106)		PARO REXISTRADO MEDIA ANUAL 2016		PORCENTAXE DE PARO REXISTRADO RESPECTO Á POBOACIÓN RESIDENTE DO MESMO GRUPO DE IDADE	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
16-19	3.615	3.465	100	83	2,8	2,4
20-24	4.989	4.871	345	332	6,9	6,8
25-29	5.715	5.942	725	789	12,7	13,3
30-34	7.906	7.948	901	1.094	11,4	13,8
35-39	10.111	10.568	1.061	1.407	10,5	13,3
40-44	10.323	10.870	1.161	1.532	11,2	14,1
45-49	9.160	9.828	1.313	1.423	14,3	14,5
50-54	7.965	9.287	1.164	1.300	14,6	14,0
55-59	7.603	9.107	1.226	1.373	16,1	15,1
60-64	6.717	8.575	796	1.177	11,9	13,7
Total 16-64	74.104	80.461	8.791	10.509	11,9	13,1

Fonte: Xunta de Galicia. Instituto Galego das Cualificacións e Instituto Galego de Estatística (Padrón Municipal de Habitantes)

c.8. Poboación parada segundo o sexo e o nivel académico


A continuación móstrase a distribución da poboación parada segundo o sexo e o nivel académico. Nestes datos, obsérvase que hai moitas máis mulleres en paro con titulación superior ao ensino obrigatorio que homes. A diferenza é maior canto máis alta é a formación, como no caso da formación universitaria.



POBOACIÓN PARADA POR NIVEL ACADÉMICO E SEXO - CONCELLO DA CORUÑA				
Grupo académico	MEDIA 2016			
	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
Ata certificado de escolaridade	3.906	4.008	7.915	49,4%
Titulación ensinanza obrigatoria	1.740	1.800	3.540	49,2%
Formación profesional	1.661	1.131	2.792	59,5%
BUP / Bacharelato superior / COU	1.205	893	2.098	57,5%
Titulados universitarios	1.978	955	2.933	67,4%
Outras titulacións	20	4	24	83,9%
Total	10.509	8.791	19.301	54,5%

Fonte: Xunta de Galicia. Instituto Galego das Cualificacións

c.9. Poboación parada segundo o sexo e a actividade económica



Por actividade económica en que están rexistradas no paro, as mulleres son maioría en todas menos na Construción, Industria, Agricultura/Pesca, Transporte/almacenamento e Actividades artísticas/recreativas e entretemento.

Por outra banda, as mulleres predominan sobre todo nas Actividades dos fogares, Sanitarias e de servizos sociais, Outro servizos, Educación, Hostalaría, Comercio, Actividades profesionais científicas e técnicas, Actividades inmobiliarias, Administración Pública e Actividades administrativas e servizos auxiliares.

POBOACIÓN PARADA POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE (CNAE 09) E SEXO CONCELLO DA CORUÑA MEDIA 2016					
	Sección de actividade económica	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
0	Sen emprego anterior	1.049	647	1.695	61,9
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	55	265	320	17,3
B	Industrias extractivas	3	5	9	38,2
C	Industria manufactureira	646	777	1.423	45,4
D	Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	2	11	13	14,2
E	Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	11	43	53	19,8
F	Construción	222	1.488	1.710	13,0
G	Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.954	1.220	3.174	61,6
H	Transporte e almacenamento	130	440	570	22,8
I	Hostalaría	1.244	805	2.049	60,7
J	Información e comunicacións	260	253	513	50,7
K	Actividades financeiras e de seguros	120	87	208	58,0
L	Actividades inmobiliarias	63	34	97	64,7
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	871	578	1.448	60,1
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares	1.456	1.151	2.607	55,8
O	Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	359	294	653	55,0
P	Educación	400	171	571	70,1
Q	Actividades sanitarias e servizos sociais	607	127	735	82,7
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	165	219	384	43,0
S	Outros servizos	461	132	592	77,7
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produto	429	44	473	90,8
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	3	2	5	57,9
	Total	10.509	8.791	19.301	54,5

Fonte: Xunta de Galicia. Instituto Galego das Cualificacións.

d. Prestacións económicas

d.1. Prestacións por desemprego

Para ter dereito a unha prestación por desemprego é preciso, ademais doutros requisitos, ter cuberto un período mínimo de cotización por esta contingencia de 360 días, dentro dos seis anos anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento no que cesou a obriga de cotizar. A duración da prestación é limitada e está en función dos períodos de ocupación.

Na seguinte táboa, amósanse o número de persoas que, en decembro de 2016, eran perceptoras dunha prestación por desemprego segundo tipo de prestación e sexo:

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO SEGUNDO O CONCELLO DE DOMICILIO, TIPO DE PRESTACIÓN E SEXO CONCELLO DA CORUÑA. DECEMBRO 2016				
Tipo de prestación	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Contributiva	3.798	1.876	1.922	50,6%
Asistencial	3.286	1.707	1.579	48,1%
Renda activa de inserción (RAI)	1.070	554	516	48,2%
Programa activación para o emprego	61	30	31	50,8%
Total Prestaciones	8.215	4.167	4.048	49,3%

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Servicio Público de Empleo Estatal (SPEE). Datos correspondentes a decembro 2016. Referidos a persoas con domicilio no concello da Coruña

Aínda que a distribución do número de pensións contributivas por desemprego é similar entre homes e mulleres, a relación porcentual co paro rexistrado mostra unha maior incidencia de prestacións no caso dos homes. A táboa seguinte mostra a porcentaxe de persoas que cobraban prestación en relación coas que están rexistradas no paro no mes de decembro de 2016, diferenciando a incidencia nos homes e nas mulleres.

Cobran, en decembro de 2016, algún tipo de prestación o 40,4% das mulleres rexistradas no paro e o 48,8% dos homes.

PORCENTAXE DE PERSOAS NO PARO PERCEPTORAS DE PRESTACIÓN DE DESEMPREGO. DECEMBRO 2016			
Tipo de prestación	Total	Homes	Mulleres
Contributiva	20,5%	22,0%	19,2%
Asistencial	17,7%	20,0%	15,8%
Renda Activa de Inserción (RAI)	5,8%	6,5%	5,2%
Programa Activación para o emprego	0,3%	0,4%	0,3%
Total % cobran prestación	44,3%	48,8%	40,4%
Base do %	18.549	8.541	10.008
Paro rexistrado decembro 2015	(100 %)	(100 %)	(100 %)

Fonte: Elaboración propia cos datos do Servicio Público de Empleo Estatal (SPEE)

d.2. Persoas perceptoras de pensións contributivas da Seguridade Social segundo o sexo

As pensións contributivas son prestacións económicas e de duración indefinida, aínda que non sempre, nas que a concesión está xeralmente supeditada a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social, sempre que se cumpran os demais requisitos esixidos. A súa contía determínase en función das achegas (cotizacións) efectuadas pola persoa traballadora e a entidade empregadora, se se trata de traballadores/as por conta allea, durante o período considerado para os efectos da base reguladora da pensión de que se trate. As clases de pensións son: incapacidade permanente, xubilación, viuvez, orfandade e a pensión vitalicia ou subsidio temporal en favor de familiares.

No concello da Coruña, o 52,5% das persoas pensionistas son mulleres. Tendo en conta a maior esperanza de vida das mulleres e o retardo do ingreso no mercado laboral, esta maior proporción prodúcese fundamentalmente polas pensións de viuvez.

Outro dato que hai que destacar é o importe monetario das prestacións económicas. Elas cobran menos cós homes, de forma que o 50% das mulleres pensionistas reciben un máximo de 649,16 euros mensuais, mentres que o 50% dos homes pensionistas reciben un máximo de 1.084,83 euros mensuais.

NÚMERO DE PENSIONISTAS, IMPORTE MEDIO E MEDIANA DO IMPORTE SEGUNDO O SEXO CONCELLO DA CORUÑA. ANO 2015			
	Homes	Mulleres	Total
Número	24.891	27.502	52.393
Importe medio	1.252,19	873,79	1.053,56
Mediana do importe	1.084,83	649,16	822,4

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Datos correspondentes ao 31/12/2015.

d.3. Persoas perceptoras de prestacións non contributivas da Seguridade Social segundo o sexo e o tipo de prestación

As pensións non contributivas da Seguridade Social son prestacións periódicas vitalicias ou de duración indeterminada a favor de persoas que non cotizaran nunca, ou ben non o fixeran o tempo suficiente para acadar prestacións de nivel contributivo pola realización de actividades profesionais. As clases de prestacións son invalidez e xubilación.

PERSONAS PERCEPTORAS DE PRESTACIONES NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL SEGUNDO SEXO E TIPO DE PRESTACION - CONCELLO DA CORUÑA				
	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Invalidez	1.097	551	546	49,8%
Xubilación	1.629	369	1.260	77,3%
Total	2.726	920	1.806	66,3%

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Política Social. Datos correspondentes ao 31/12/2015

Nas prestacións non contributivas por invalidez a incidencia é similar entre homes e mulleres, mais nas de xubilación (non contributivas) hai tres mulleres por cada home, o que resulta moi indicativo da falta e/ou insuficiente cotización social das mulleres ao longo da súa vida laboral.

d.4. Persoas perceptoras da RISGA e AES


A RISGA (Renta de Inserción Social de Galicia) é unha prestación económica asistencial que trata de garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns entre 25 e 65 anos, que aínda que teñan idade laboral e non teñan causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen os recursos mínimos necesarios para cubrir as necesidades máis urxentes. Pretende a reinserción social e laboral das persoas

AES (Axudas de Emerxencia Social) son prestacións económicas, non contributivas, de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectados por un estado de necesidade. Considéranse situacións de emerxencia social aquelas que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente, tales como: gastos imprescindibles para o uso da vivenda habitual ou para o mantemento da habitabilidade ou accesibilidade da vivenda habitual, equipamento mobiliario básico e necesidades primarias (alimentación, vestido, atención sanitaria, etc.)

Na seguinte táboa podemos comprobar como o 55,3% das persoas perceptoras da RISGA son mulleres e o 54,1% das persoas que reciben as AES son mulleres.

PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA E AES POR SEXO CONCELLO DA CORUÑA – ANO 2015				
	Homes	Mulleres	Total	% mulleres
RISGA	498	615	1.113	55,3
AES	94	111	205	54,1
Total	592	726	1.318	55,1

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE). Consellería de Traballo e Benestar. Informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social. Datos do ano 2015




A ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

a. Distribución do persoal do Concello da Coruña por sexo

Na seguinte táboa amósanse o número total de persoas que traballan no Concello da Coruña, distribuídas segundo o grupo e o sexo:

PERSOAL DO CONCELLO DA CORUÑA POR SEXO E GRUPO				
Grupo	2017			
	Mulleres	% mulleres	Homes	% homes
Corporación municipal	15	55,6%	12	44,4%
Asesores/as (persoal eventual)	11	50%	11	50%
Grupo A1	79	52,3%	72	47,7%
Grupo A2	143	59,6%	97	40,4%
Grupo C1	123	25,8%	353	74,2%
Grupo C2	193	48,4%	206	51,6%
Agrupacións profesionais	68	47,2%	76	52,8%
Outros	17	53,1%	15	46,9%
Total	649	43,5%	842	56,5%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos de febreiro de 2017



A Corporación municipal da Coruña ten unha representación política nomeada por 27 persoas electas; o 44% son homes e o 56% mulleres; se ben a maioría son mulleres, as porcentaxes enmárcanse no criterio de representación equilibrada, segundo o sexo.

O persoal contratado eventual para o asesoramento da representación política na Corporación municipal está totalmente equilibrado segundo o sexo, sendo o 50% mulleres e o 50% homes.

Facendo unha análise por grupos, comprobamos que hai máis mulleres que homes nos grupos A1 e A2 (52,3% e 59,6% respectivamente). Ocorre o contrario no resto dos casos (grupo C1, C2 e as agrupacións profesionais). Neste punto cabe sinalar que aos grupos C1 e C2 pertencen os policía locais e os bombeiros, dúas agrupacións fortemente masculinizadas. Dentro das agrupacións profesionais atopámonos cos conserxes (61% mulleres), os ordenanzas (46% mulleres), axudantes de cemiterios (non hai ningunha muller), axudantes da estación de autobuses (55% mulleres) e axudantes de mercados municipais (56% mulleres) entre outros.

Do total das persoas traballadoras do Concello da Coruña (1.491 persoas), o 56,5% son homes respecto ao 43,5% que representan as mulleres. Os datos da distribución segundo o sexo non se corresponden coa percepción social de que na administración pública –local- traballen fundamentalmente mulleres. As táboas mostran a realidade dunha maior proporción masculina entre o persoal municipal da Coruña, aínda que dentro dos límites do que se considera participación/representación equilibrada por sexo.

PERSONAL CON CARGOS DIRECTIVOS E XEFATURAS. ANO 2017				
Cargo	Mulleres	% mulleres	Homes	% homes
Habilitados nacionais ¹	0	0%	4	100%
Altos cargos directivos ²	2	20%	8	80%
Outros cargos directivos ³	19	67,9%	9	32,1%
Xefaturas de servizo	10	40%	15	60%
Xefaturas de departamento	14	46,7%	16	53,3%
Xefaturas de sección	19	57,6%	14	42,4%
Xefaturas de unidade	26	89,7%	3	10,3%
Outras xefaturas ⁴	3	27,3%	8	72,7%
Total	93	54,7%	77	45,3%


Fonte: Concello da Coruña. Observatorio urbano. Datos de febreiro de 2017

¹ Os habilitados nacionais son: o interventor, o tesoureiro, o secretario xeral e o oficial maior.

² En “Altos cargos directivos” contabilízanse os directores de área, o presidente do TEAM e os vogais do TEAM.

³ En “Outros cargos directivos” contabilízanse ás direccións de: bibliotecas, museos, Banda Municipal de Música, instalacións deportivas, sala de exposicións, proxectos e unidades técnicas.

⁴ En “Outras xefaturas” téñense en conta as xefaturas de: topografía, sistema de información xeográfica, delineación, administración de museos científicos, estación, caixa, ordeación e pagos e oficina técnica.



Facendo a análise por cargos directivos e xefaturas, atopámonos con que os postos de maior responsabilidade están ocupados principalmente por homes: os de habilitación nacional (non hai mulleres), os altos cargos directivos (20% mulleres), as xefaturas de servizo (40% mulleres) e as xefaturas de departamento (46,7% mulleres); a excepción dos outros cargos directivos onde a presenza das mulleres é maior (67,9%). Tamén é de sinalar que as xefaturas de unidade son ocupadas nun 89,7% por mulleres. A maior presenza masculina volve a facerse evidente nas outras xefaturas, cargos polo xeral máis técnicos, onde o 27,3% son mulleres.


En relación coa estrutura de persoal municipal, segundo o nivel e o sexo, os datos mostran a masculinización dos niveis superiores (30, 29, 28, 27 e 26). O nivel no que se produce maior desproporción é o 19 no que tan só o 4,9% son mulleres e corresponde íntegramente aos músicos da Banda Municipal.

O 51% do persoal feminino do Concello concéntrase nos niveis 18, 16 e 14. Atendendo á distribución segundo o sexo, a maior preeminencia das mulleres (presenza maior dun 50%) corresponde aos niveis 25, 24, 22, 20, 18 e 12. O único caso de feminización dáse no nivel 25 e corresponde a xefaturas técnicas.

PERSONAL DO CONCELLO DA CORUÑA POR SEXO E NIVEL				
Nivel	2017			
	Mulleres	% mulleres	Homes	% homes
30	0	0,0%	4	100,0%
29	2	25%	6	75%
28	11	39,3%	17	60,7%
27	0	0,0%	1	100,0%
26	17	48,6%	18	51,4%
25	3	100,0%	0	0,0%
24	40	57,1%	30	42,9%
22	94	70,7%	39	29,3%
21	3	21,4%	11	78,6%
20	63	59,4%	43	40,6%
19	2	4,9%	39	95,1%
18	142	63,1%	83	36,9%
16	97	20,5%	377	79,5%
14	92	46,9%	104	53,1%
12	40	55,6%	32	44,4%
Outros	43	53,1%	38	46,9%
TOTAL	649	43,5%	842	56,5%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos de febreiro de 2017

No último apartado (“Outros”) atópanse os membros da corporación municipal e o persoal eventual, entre outras persoas.



b. Participación nos cursos formativos do persoal do Concello da Coruña

Na seguinte táboa, constan os 56 cursos formativos realizados durante o ano 2016 ao persoal do Concello da Coruña, así coma o número de asistentes a cada un deles. Presentanse na táboa ordeada segundo a maior porcentaxe de mulleres nos cursos.

A cifra total de participación nos cursos é similar por sexo, cun 51% de mulleres. Dos 56 cursos impartidos, en 24 as mulleres son maioría mentres que noutros 15 soamente asistiron homes por estar destinados fundamentalmente a Bombeiros .

En termos xerais, podemos concluir que os cursos onde houbo maior número de homes participantes que de mulleres son fundamentalmente destinados á Policía Local, Bombeiros e cursos tecnolóxicos.

NÚMERO DE PARTICIPANTES NOS CURSOS DE FORMACIÓN DIRIXIDOS AO PERSOAL DO CONCELLO DA CORUÑA - ANO 2016				
Cursos de formación	H	M	Total	% mulleres
Incorporación da perspectiva de xénero nas actividades e programas dirixidos á infancia e xuventude	0	6	6	100%
Participación: Conceptos básicos	0	10	10	100%
Servizos Sociais: Contratación. Contratos menores	1	21	22	95%
Bibliotecas: Absysnet	1	21	22	95%
Participación: Procesos e metodoloxías	1	15	16	94%
Servizos Sociais: Métodos e técnicas de intervención. Adicción e trastornos adictivos. Drogodependencias e alcohol (2 edicións)	3	41	44	93%
Primeros auxilios	1	14	15	93%
Obradoiro de actualización de Linguaxe Administrativa	4	35	39	90%
Servizos Sociais: Métodos e técnicas de intervención social. Detección de menores en risco. Identificación do maltrato	3	24	27	89%
Comunicación inclusiva	3	20	23	87%
Principios éticos na xestión pública: a igualdade na diversidade	2	13	15	87%
Servizos Sociais: Actualización LOPD (2 edicións)	5	32	37	86%
Incidencia do IRPF e IVA nos tributos e prezos públicos	2	10	12	83%
Redacción de documentos técnico xurídicos en galego	6	28	34	82%
Lei de réximen xurídico do sector público. Lei 40/2015 (4 edicións)	26	97	123	79%
Lei de procedemento administrativo. Lei 39/2015 (8 edicións)	91	318	409	78%
Aplicacións informáticas de bases de datos (Access 2010)	9	28	37	76%
Aplicacións informáticas de folla de cálculo (Excel 2010)	9	29	38	76%
Contratación pública. Aplicación da instrucción de cláusulas estratéxicas	14	31	45	69%
Plataforma web municipal: Formación avanzada (2 edicións)	7	15	22	68%
Plataforma web municipal: Formación básica (3 edicións)	14	24	38	63%
Servizos Sociais: Métodos e técnicas de intervención. Acoso escolar. Bullying	5	8	13	62%
Enfoques na detección de situación de vulnerabilidade do principio da igualdade na diversidade	6	10	16	62%
Detección e intervención ante situación de violencia de xénero	4	6	10	60%
Oracle web center site para desenvolvedores	3	2	5	40%
ArcGIS Plataforma ArcGIS 10.4	12	5	17	29%

Tecnoloxía Big Data para desenvolvedores	5	2	7	29%
ArcGIS Compartir contidos na web	13	5	18	28%
Policía Local: Aplicacións e sistemas informáticos (Unidade administrativa) (2 edicións)	18	6	24	25%
BIRT, Report Designer and Actuate 11	7	2	9	22%
Básico de Prevención de riscos laborais	7	2	9	22%
Práctica policial sobre menores, violencia de xénero e doméstica	15	4	19	21%
Lei de transparencia. Lei 19/2013	11	2	13	15%
Policía Local: Habilitación da proba de drogas e conductores	17	3	20	15%
Actualización do Código Penal. Lei de enxuzamento criminal (4 edicións)	87	14	101	14%
Patrulla verde	32	5	37	14%
Xestión de equipos de traballo nos corpos policiais (2 edicións)	32	5	37	14%
Actualización en materia de tráfico (4 edicións)	73	11	84	13%
Técnicas de mando, toma de decisións (2 edicións)	31	4	35	11%
Habilitación no manexo do bastón policial extensible (2 edicións)	25	2	27	7%
Condución de vehículos policiais	14	1	15	7%
Mongodb/Hadoop	3	0	3	0%
Ferramentas e técnicas de rescate en altura (2 edicións)	23	0	23	0%
Prácticas de condución de vehículos pesados de emerxencia	24	0	24	0%
Rescate acuático III (2 edicións)	24	0	24	0%
Ferramentas e técnicas de abordaxe (2 edicións)	34	0	34	0%
Outros suministros (Intervención con electricidade)	20	0	20	0%
Apertura de peches en emerxencia	30	0	30	0%
Extinción de incendios en buques (2 edicións)	23	0	23	0%
Incendio en túneles	15	0	15	0%
Rescate acuático I	12	0	12	0%
Control de incendios I	10	0	10	0%
Bombeiros de novo ingreso: Misión e obxectivos	10	0	10	0%
Bombeiros de novo ingreso: Estrutura, organización e recursos	10	0	10	0%
Bombeiros de novo ingreso: Equipo persoal	10	0	10	0%
Bombeiros de novo ingreso: Equipos de respiración autónoma	10	0	10	0%
Total	877	931	1.808	51%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración

c. Permisos, licenzas e excedencias relacionadas coa conciliación da vida familiar e laboral do persoal do Concello da Coruña

Os permisos, as licenzas e excedencias relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral do persoal do Concello da Coruña axústanse ao que dispón a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que se amplían dereitos recoñecidos na lexislación do Estado.

Os posibles dereitos que o persoal municipal pode facer en canto a permisos de tempos para conciliar coas súas responsabilidades familiares son os seguintes:

- **Maternidade:** pódese desfrutar durante 17 semanas. O permiso de maternidade é privativo para a nai durante as primeiras 6 semanas posteriores ao parto, no caso de maternidade biolóxica; as seguintes 11 semanas poden ser transferidas, parcial ou totalmente á outra persoa proxenitora (aínda que como a semana número 17 a paga o Concello, como mellora das 16 semanas que contempla a regulación estatal, para poder ser desfrutada polo pai ou outra proxenitora, deberá ser tamén persoal deste Concello).

Nos casos de parto múltiple ou existencia de discapacidade ou necesidade de hospitalización por enfermidade grave do recentemente nacido, está prevista a ampliación do permiso de maternidade.

- **Paternidade:** correspóndelle ao pai ou á outra persoa proxenitora e se non o usan ninguén máis pode facelo, ao ser un dereito privativo e intransferible. O Concello da Coruña ten regulados 14 días máis respecto aos 15 do permiso de paternidade creado pola Lei de igualdade (Lei 3/2007); así pois, o total do permiso de paternidade para o persoal municipal da Coruña é de 29 días naturais.
- **Lactancia:** este permiso pódese desfrutar calquera das persoas proxenitoras até que o menor teña 12 meses. O uso do tempo do permiso pódese realizar de maneira acumulativa en xornada completa ou fraccionando a disposición de 1 hora diaria.
- **Excedencias por coidado de fillos/as ou familiares a cargo:** o persoal municipal poderá acollerse até un máximo de 3 anos deste permiso non remunerado.

O que mostran as estatísticas respecto ao uso que realiza o persoal do Concello dos permisos de tempo mencionados é que persiste unha segmentación por cuestión de xénero; son mulleres fundamentalmente as que solicitan permisos por motivos de responsabilidades e coidados familiares e tamén as que solicitan adaptacións e minoración da xornada laboral.

Tamén son as mulleres en exclusividade as que se acollen aos permisos por lactancia e case en exclusividade usaron o permiso de maternidade, tal e como recolle a táboa para os últimos catro anos. Aínda que o permiso de maternidade inclúe unha parte que pode ser cedida ou transferida á outra persoa proxenitora, a proporción de pais que fixeron uso dalgunha parte deste permiso foi do 5% dos permisos de maternidade concedidos en 2016.

A solicitude de permisos por parte dos homes queda bastante restrinxida ao permiso de paternidade e o permiso por enfermidade moi grave.

Na táboa da páxina seguinte constan os datos nos que se basean estas conclusións.

PERMISOS, LICENZAS E EXCEDENCIAS RELACIONADAS COA CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DA CORUÑA				
Maternidade				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	2	6,7%	28	93,3%
2014	1	3,1%	31	96,9%
2015	1	4,8%	20	95,2%
2016	1	5%	19	95%
Paternidade				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	27	100%	0	0%
2014	28	100%	0	0%
2015	30	100%	0	0%
2016	28	100%	0	0%
Lactancias acumuladas ou crédito horario				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	3	15,8%	16	84,2%
2014	6	24%	19	76%
2015	5	25%	15	75%
2016	6	30%	14	70%
Lactancias diarias				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	0	0%	12	100%
2014	0	0%	12	100%
2015	0	0%	5	100%
2016	1	20%	4	80%
Reducións xornada por coidado fillos/as ou familiares a cargo				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	5	26,3%	14	73,7%
2014	4	21,1%	15	78,9%
2015	3	12,5%	21	87,5%
2016	2	6,5%	29	93,5%
Permiso por enfermidade moi grave				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	3	50%	3	50%
2014	2	25%	6	75%
2015	5	50%	5	50%
2016	9	64,3%	5	35,7%
Excedencias coidado fillos/as ou familiares a cargo				
Ano	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
2013	0	0%	2	100%
2014	0	0%	4	100%
2015	0	0%	5	100%
2016	0	0%	2	100%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos de febreiro de 2017

SERVIZOS MUNICIPAIS

a. Mobilidade urbana

Os aspectos da mobilidade urbana resultan indicativos da medida en que a través das políticas e servizos municipais se está a incidir na mellora das condicións de calidade de vida da cidadanía en xeral, e máis especificamente dos sectores poboacionais en situación de maior vulnerabilidade; a panorámica da situación e o uso deles achega unha aproximación ao aspecto 'inclusivo' da dinámica da cidade.

Dos servizos relacionados coa mobilidade urbana, o bus é con diferenza o de maior incidencia na poboación, complementado con outros máis recentes como o de Bicicoruña.

a.1. Persoas usuarias do Servizo Bicicoruña

Das persoas que fan uso do Bicicoruña, a menor proporción é a das mulleres (47,4%) respecto do que representan os homes como usuarios (52,6%).

NÚMERO DE PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO BICICORUÑA POR SEXO		
	Persoas usuarias Bicicoruña	% persoas usuarias por sexo
Homes	1.558	52,6%
Mulleres	1.404	47,4%
Total	2.962	100%

Fonte: Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades (Emvsa). Datos do ano 2016

a.2. Persoas usuarias da Tarxeta Millennium e viaxes realizadas nos buses urbanos

A Tarxeta Coruña Millennium é un medio para pagar a viaxe en autobús ou utilizar os servizos das bibliotecas municipais. Un 9 % das tarxetas están asociadas a algunha situación particular por a que pode ter un desconto. Tal é o caso de escolares, estudantes na universidade, persoas en desemprego, pensionistas, persoas xubiladas e tamén as que teñan discapacidade.

Das persoas usuarias da Tarxeta Millennium, o 59,9% son mulleres. Esta maior proporcionalidade tamén se manifesta en todas as tipoloxías da tarxeta aínda que en maior medida nos perfís correspondentes a persoas universitarias (69,1%), desempregadas (64,7%) e xubiladas (63,8%).

A única tipoloxía de tarxeta millenium que ten un uso similar, por sexo, é a escolar.


PERSOAS USUARIAS DA TARXETA MILLENNIUM SEGUNDO SEXO E TIPOLOXÍA DA TARXETA				
Perfil da tarxeta	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Xeral	70.053	40,1%	104.624	59,9%
Escolar	2.658	49,89%	2.670	50,1%
Universitario/a	414	30,9%	926	69,1%
Desempregado/a	2.332	35,29%	4.277	64,71%
Xubilado/a	748	36,22%	1.317	63,8%
Discapacidade	296	43,34%	387	56,7%
Pensionista	488	46,52%	561	53,5%
TOTAL	76.989	40,15%	114.762	59,9%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos de xaneiro de 2017

Tamén son mulleres as que maior uso realizan da Tarxeta Millennium no transporte público do bus urbano, preto do 66%.

VIAXES EN BUSES URBANOS ABOADAS COA TARXETA MILLENNIUM SEGUNDO SEXO E PERFIL DA TARXETA		
Perfil da tarxeta	% homes	% mulleres
Xeral	32,32%	67,68%
Escolar	47,04%	52,96%
Universitario/a	33,3%	66,7%
Desempregado/a	34,21%	65,79%
Xubilado/a	31,75%	68,25%
Discapacidade	41,73%	58,27%
Pensionista	40,82%	59,18%
Total	34,3%	65,7%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Facenda e Administración. Datos do ano 2016




b. Bibliotecas municipais

As estatísticas dispoñibles do Servizo Municipal de Bibliotecas mostran o número de persoas asociadas segundo o sexo e a categoría: infantil e adulta. En ambas as dúas, a maior proporción prodúcese nas mulleres, 51,7% infantil e 58,4% entre as persoas adultas.

NÚMERO DE SOCIOS E SOCIAS DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA				
	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Infantil (0-14 anos)	6.785	48,26%	7.275	51,74%
Adultos/as	29.947	41,54%	42.140	58,46%
Total	36.732	42,64%	49.415	57,36%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Cultura, Deporte e Coñecemento. Datos a 31/12/2016



c. Escolas Deportivas Municipais

Segundo os datos da relación de actividades das Escolas Deportivas Municipais –de xestión directa- o maior uso vén dado polas mulleres que, en xeral, representan preto do 71% das persoas usuarias. A participación nas diferentes actividades deportivas ofertadas mostra unha segregación orientada polo xénero.

A participación dos homes concéntrase arredor das seguintes especialidades ordeadas de maior a menor representación masculina: ludo (83,3% homes), Esgrima (81,8% homes), ludo/Aikido iniciación (80,6% nenos), Atletismo (64,8% homes), Tenis (64,7% homes), Aikido (57,9% homes), Bádminton (57,5% homes) e Padel (54,7% homes). En Escalada prodúcese un completo equilibrio na participación (50% homes, 50% mulleres).

A participación das mulleres é maioritaria no resto das actividades deportivas, aínda que con diferenzas entre os niveis de feminización do uso de determinadas especialidades nas que, agás as relacionadas con aspectos de incidencia específica na saúde feminina, hai unha maior relación con aspectos educativos da socialización diferenciada e o efecto dos modelos de femineidade tradicional.

Hai unha práctica deportiva de participación exclusivamente feminina: a Ximnasia rítmica e artística. En 4 especialidades a participación é case exclusivamente feminina, con concentracións superiores ao 90%, é o caso das actividades de GAP e BAL, Bailes latinos, Patinaxe artística e Pilates. Tamén se dá unha alta concentración feminina –entre o 58% e o 83%- nas actividades de Mantemento, Bailes de salón, Natación e Adestramento persoal.

NÚMERO DE PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE XESTIÓN DIRECTA POR SEXO E ACTIVIDADE. CURSO 2016-2017				
Actividade	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Aikido	11	57,89%	8	42,11%
Atletismo	24	64,86%	13	35,14%
Bádminton	23	57,5%	17	42,5%
Bailes de salón	3	17,65%	14	82,35%
Bailes latinos	1	5%	19	95%
Adestramento persoal	15	41,67%	21	58,33%
Escalada	5	50%	5	50%
Esgrima	18	81,82%	4	18,18%
GAP e BAL	4	4,94%	77	95,06%
Iudo	5	83,33%	1	16,67%
Iudo/Aikido 6-8 Iniciación	25	80,65%	6	19,35%
Mantemento	183	16,98%	895	83,02%
Natación	524	35,94%	934	64,06%
Padel	35	54,69%	29	45,31%
Patinaxe artística	7	7,29%	89	92,71%
Pilates	9	8,04%	103	91,96%
Tenis	68	64,76%	37	35,24%
Ximnasia rítmica e artística	0	0%	74	100%
TOTAL	960	29,04%	2.346	70,96%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Cultura, Deporte e Coñecemento

d. Servizo Municipal de Emprego e Empresa

Mulleres e homes participan no Servizo Municipal de Emprego en porcentaxes próximas, na marxe do 40%-60%. As maiores fendas danse na Formación de apoio á inserción no que as mulleres representan o 59,5% das persoas usuarias e na Formación ocupacional, no que representan a menor porcentaxe: o 39,4%.

En información e orientación para o emprego a distribución por sexo é similar, aínda que nestes anos aumentou a porcentaxe de homes no paro, e iso reflectese tamén nunha maior demanda deste servizo nos homes.

Na formación, a distribución por sexo está mediatizada polas especialidades e o tipo de formación. Na formación complementaria ou de apoio á inserción como un complemento ao perfil laboral predominan as mulleres. Tamén porque os cursos están máis vinculados a oficios dos comercios e hostalaría, atención e coidados a persoas, limpeza ou á mellora de habilidades para a procura de emprego.

Pola contra nas especialidades de formación ocupacional, o meirande número de homes débese á impartición de cursos vinculados á tradición laboral nos homes, como son as de construción e actividades relacionadas (soldadura, carpintería, transporte, albanelaría, pintura, almacenaxe).

Nas especialidades de novas tecnoloxías depende do contido: máis homes nas de aplicación para móbiles, e de iniciación á informática, mentres que hai máis mulleres naqueles programas vinculados aos traballos administrativos nas empresas (Office, Xestión de informática empresarial).

A continuación mostranse a porcentaxe de participación, por sexo, nas diferentes actividades deste Servizo Municipal segundo o tipo de Programa ou proxecto.

O Programa de Información Laboral consiste en diversas accións. A primeira, mediante talleres grupales de persoas que o solicitaron, é informar e orientar no proceso da busca de emprego e dos recursos existentes no Servizo Municipal de Emprego. Todas estas persoas foron atendidas persoalmente, tras a súa petición de cita, para unha orientación persoal e individualizada e poder tamén inscribirse nos servizos como a bolsa de emprego.

Realízase tamén, como centro colaborador, do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPÊG) accións de información, orientación e prospección de emprego articuladas en Itinerarios Personalizados de Inserción e dirixidas a mellorar a ocupabilidade das persoas remitidas por o SPEG.

Outra actividade é a impartición de seminarios informativos con diferentes temáticas, para os últimos cursos dos centros educativos, como unha orientación previa a súa próxima entrada no mercado laboral.

Na orientación xeral e información para a busca de emprego, este ano a demanda foi superior nos homes. No grupo que ven remitido por o SPEG a distribución foi similar, mentres que nos seminarios en centros educativos para a transición á vida laboral a porcentaxe maior de mulleres ven condicionada por as especialidades que cursa alumnado dos centros que os solicitaron.

PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ORIENTACION LABORAL				
Programa de Información e orientación laboral	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Talleres grupales de Información e orientación para o emprego	1.094	700	394	36%
Información, Orientación e procura de Emprego Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG)	977	492	485	50%
Seminarios en centros educativos	1.274	583	689	54%

Fonte: Concello da Coruña. Area Emprego e Economía Social

O Programa de Apoio a inserción realiza en actividades organizadas para as persoas inscritas na bolsa de emprego do Servizo Municipal de Emprego, como una axuda para a mellora da súa ocupabilidade. A segmentación por sexo resultante, reflicte as diferentes especializacións, no ámbito ocupacional que existen na sociedade xeral actual, se ben o carácter complementario e xeral desta formación é máis equilibrada.

APOIO A INSERCIÓN				
Formación habilitante- Mellora da empregabilidade	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Elaboración do currículo por competencias	38	13	25	65,8%
Xeitos de afrontamento a unha entrevista Laboral	51	25	26	51,0%
Marca persoal e busca de emprego redes sociais	22	11	11	50,0%
Realización de videocurrículo	8	4	4	50,0%
Iniciación idioma inglés	23	8	15	65,2%
Perfeccionamento do idioma Inglés	13	5	8	61,5%
Iniciación idioma francés	9	2	7	77,8%
Iniciación idioma alemán	11	5	6	54,5%
Iniciación informática	27	17	10	37,0%
Ofimática avanzada	13	4	9	69,2%
Xestión empresarial informática	21	0	21	100,0%
Produción de videoxogos	30	23	7	23,3%
Cursos con compromiso de contratación	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Dependente de supermercado: Pescadería e froitería	47	22	25	53,2
Dependente de supermercado: Carnicería - charcutería	44	15	29	65,9

Fonte: Concello da Coruña. Area Emprego e Economía Social

A Formación ocupacional, consiste en diferentes Programas de formación, promovidos e financiados integramente polo Concello, destinados á mellora na formación das persoas para a capacitación profesional nunha ocupación, ou mellora no desempeño da súa profesión.

Nestes casos cunha formación moi directamente vinculada a unha ocupación profesional, mostrase claramente a segmentación por sexo, procedente tamén da demanda ou solicitude dos mesmos.

A pesares dos cambios sociais a diferenciación ocupacional nas profesións persiste tanto á hora das solicitudes presentadas para participar nos cursos e tamén motivado por as costumes arraigadas por parte das empresas na contratación. Semella que unicamente incidindo con accións positivas na promoción dalgunhas ocupacións acelérase a promoción dun maior equilibrio profesional.

A segmentación por sexo móstrase tamén en novas ocupacións e ámbitos laborais, tal como a informática e novas tecnoloxías.

FORMACION OCUPACIONAL				
Denominación do curso	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Curso de carretilla elevadora de carga	189	171	18	9,5%
Carretilla	27	25	2	7,4%
Uso plataformas elevadoras	20	19	1	5,0%
Iniciación á informática	19	10	9	47,4%
Office2010	18	10	8	44,4%
Montaxe de redes locais de datos. Fibra óptica	15	15	0	0,0%
Aplicaciones par teléfonos (apps)- sistema ios	17	13	4	23,5%
Programación de máquinas de control numérico cnc	14	11	3	21,4%
Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	12	12	0	0,0%
Eficiencia enerxética de edificios	15	8	7	46,7%
Pintura decorativa na construción	14	14	0	0,0%
Soldadura con electrodo revestido e tig	16	16	0	0,0%
Actividades auxiliares en viveiros ou centros xardinería	15	9	6	40,0%
Homologación para la manipulación de fitosanitarios	21	15	6	28,6%
Eventos y espectáculos públicos/auxiliares -conserxe	15	11	4	26,7%
Formación en manipulación de alimentos	58	26	32	55,2%
CAP- conducción profesional carné clases "c" "d"	10	7	3	30,0%
Formación en prevención de riscos laborais	33	27	6	18,2%

Fonte: Concello da Coruña. Area Emprego e Economía Social

Os obradoiros de emprego, son proxectos nos que se integran a aprendizaxe teórica, a experiencia profesional e a formación para o emprego, realizando unha obra de interese social.

OBRADOIROS DE EMPREGO				
Especialidades	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Obradoiro de Emprego San Amaro III Pintura Industrial en construción (1/9/2015 - 29/2/2016)	22	20	2	9%
Obradoiro de Emprego Garantía Xuvenil Operacións de gravación de datos e tratamento de documentos Sistemas micro informáticos (18/9/2015-17/3/2016)	28	17	11	39%
Obradoiro de Emprego Praia das Lapas Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (10/2016- /3/2017)	20	12	8	40%

Fonte: Concello da Coruña. Area Emprego e Economía Eocial

O Proxecto Integrado Posto a Posto está destinado grupos ou colectivos, determinados previamente, cos que se traballa para mellorar a súa ocupabilidade mediante a definición do seu obxectivo profesional e deseño compartido de itinerarios formativos e profesionais axustados aos seus particulares perfís.

FORMACIÓN NO PROXECTO POSTO A POSTO NO ANO 2016				
Denominación	Total	Homes	Mulleres	% Mulleres
Módulo de Técnicas de Procura de Emprego	40	25	15	37,5%
Curso de Iniciación á informática	39	25	14	35,9%
Iniciación á procura de emprego por internet	32	18	14	43,8%
Xornada de fomento da cultura emprendedora.	24	8	16	66,7%
Entrevista laboral e Módulo de Práctica	60	28	32	53,3%
Actividades auxiliares de comercio	15	4	11	73,3%
Curso de Ofimática avanzada	9	5	4	44,4%
Inglés comercial	11	5	6	54,5%
Actividades auxiliares de almacén	17	13	4	23,5%
Curso de Prevención de Riscos Laborais.	19	12	7	36,8%
Curso Ofimática básica	7	3	4	57,1%
Curso de Xestión da marca persoal nas Redes Sociais	9	4	5	55,6%
Curso de manipulación de alimentos	16	6	10	62,5%

Fonte: Concello da Coruña. Area Emprego e Economía Social

Proxecto Coruña Emprega ten como finalidade facilitar a inserción laboral, mellorando a empregabilidade de persoas con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo, ao mesmo tempo que se contribúe á inclusión social e á conciliación da vida persoal e laboral.

PROXECTO CORUÑA EMPREGA				
Especialidade	Total	Hombres	Mulleres	% Mulleres
Atención especializada a persoas con discapacidade	11	4	7	63,6
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	15	13	2	13,3
Limpeza en edificios e locais Ed.1	15	9	6	40,0
Limpeza en edificios e locais Ed.2	12	6	6	50,0
Atención especializada en demencias	15	3	12	80,0

Fonte: Concello da Coruña. Area Emprego e Economía Eocial

O Departamento de Promoción Económica realiza diferentes programas, como asesoramento e apoio a persoas que teñen unha idea empresarial para traballar de xeito autónomo ou crear unha empresa.

Neste apartado refírese a participación, por sexo, nestas actividades e servizos .

A difusión da cultura emprendedora realizada nos centros educativos ten unha distribución similar, se ben na do proxecto “Inicia” pode variar segundo as especializacións na formación dos centros de secundaria solicitantes.

No ámbito do emprendemento ou creación de empresas xa dende anos a cifra de as mulleres é lixeiramente maior que nos homes na solicitude asesoramento e tamén como participante na formación.

PROMOCION ECONOMICA				
Difusión cultura emprendedora nos centros educativos	Total	Homes	Mulleres	% mulleres
Difusión cultura emprendedora centros educativos primaria- “SEMENTE”	284	142	142	50,0
Difusión cultura emprendedora centros educativos secundaria- “INICIA”	222	123	123	50,0
Asesoramento para a creación de empresas				
Asistentes a asesoramentos grupais para a creación de empresa	285	143	142	49,8
Nº proxectos empresariais asesorados individualmente	131	47	84	64,1
Formación empresarial				
Talleres iniciativas empresariais e talleres no viveiro de empresas	430	170	260	60,5%


Fonte: Concello da Coruña. Area Emprego e Economía Social

e. Oficina Municipal de Información ao Consumo (OMIC)

Ao servizo que presta a OMIC acoden máis mulleres que homes, aínda que en porcentaxes bastante próximas. En maior medida son mulleres as que presentan reclamacións na OMIC para ser xestionadas –o 53%- e con menor equilibrio no caso das consultas realizadas: o 56%.


PERSOAS USUARIAS DA OMIC (OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN AO CONSUMO) ÁREA DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL			
	Homes	Mulleres	% mulleres
Consultas realizadas na OMIC	6.838	8.617	56%
Persoas que fixeron reclamacións na OMIC (reclamacións xestionadas pola OMIC)	421	481	53%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Emprego e Economía Social. Oficina Municipal de Información ao Consumo-OMIC



Entre outras actividades, como talleres informativos para o público en xeral e nos 257 talleres realizados nos colexios co programa de educación 2016, organízanse tamén tódolos anos no periodo vacacional do verán, a Escola de Verán do Pequeno Consumidor.

Nesta Escola se traballa para concienciar aos máis pequenos da importancia da responsabilidade no consumo, a través de diferentes talleres nos que se fomenta o traballo en equipo e a consecución de metas predefinidas, traballando lúdicamente en temas do consumo relacionando coa alimentación, novas tecnoloxías da información e comunicacións, consumo sustentable, TICs. Participaron un maior número de nenas (58%) que nenos (42%).



f. Ocio e actividades lúdicas

Hai unha alta participación feminina nas actividades lúdicas e de ocio organizadas desde os centros públicos municipais. Utilizando como referencia os datos recollidos polos centros Ágora e Fórum Metropolitano nas actividades da campaña de primavera e outono durante o ano 2016, compróbase a partir dos datos das táboas seguintes que máis do 75% das persoas participantes foron mulleres. Na única actividade onde a porcentaxe de participación masculina foi maior que a feminina foi na oferta específica para nenos e nenas no programa de outono do Ágora no que o 53,6% foron nenos. Feito asociado a que nos últimos anos están nacemento máis nenos que nenas no concello herculino. As especialidades nas que as porcentaxes mostran unha participación máis equilibrada son: Música, Medio natural, e Fotografía.

PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE OCIO DO FÓRUM METROPOLITANO PRIMAVERA 2016, POR SEXO E AGRUPACIÓN TEMÁTICA				
Agrupación temática	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Cidade e arquitectura	41	26,1%	116	73,9%
Historia e arte	20	11%	162	89%
Literatura	30	25,9%	86	74,1%
Medio natural	6	46,2%	7	53,8%
Cine	39	21,7%	141	78,3%
Astronomía	29	35,4%	53	64,6%
Mindfulness	3	15,8%	16	84,2%
Música	13	20%	52	80%
Teatro	8	15,7%	43	84,3%
Fotografía	18	45%	22	55%
Creatividade manual	13	12,1%	94	87,9%
Monográfico	1	1,4%	72	98,6%
Oferta específica para nenas e nenos	16	37,2%	27	62,8%
Oferta específica +70 anos	19	14,8%	109	85,2%
TOTAL	256	20,4%	1.000	79,6%

Fonte: Concello da Coruña. Observatorio urbano a partir de datos facilitados pola Área de Cultura, Deporte e Coñecemento

PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE OCIO DO ÁGORA PRIMAVERA 2016, POR SEXO E AGRUPACIÓN TEMÁTICA				
Agrupación temática	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Cidade e contorna	23	38,3%	37	61,7%
Historia e arte	20	20,6%	77	79,4%
Literatura, escritura creativa e novas tecnoloxías	10	16,9%	49	83,1%
Cine	10	28,6%	25	71,4%
Astronomía	9	42,9%	12	57,1%
Música	3	25%	9	75%
Teatro	10	16,9%	49	83,1%
Cociña	44	29,7%	104	70,3%
Fotografía	5	33,3%	10	66,7%
Creatividade manual	11	17,5%	52	82,5%
Habilidades mentais e sociais	3	8,8%	31	91,2%
Actividade motriz	9	9,4%	87	90,6%
Oferta específica para nenas e nenos	8	25,8%	23	74,2%
Oferta específica +65 anos	16	12,9%	108	87,1%
TOTAL	181	21,2%	673	78,8%

Fonte: Concello da Coruña. Observatorio urbano a partir de datos facilitados pola Área de Cultura, Deporte e Coñecemento

PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE OCIO DO FÓRUM METROPOLITANO OUTONO 2016, POR SEXO E AGRUPACIÓN TEMÁTICA				
Agrupación temática	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Cidade e arquitectura	65	23,8%	208	76,2%
Historia e arte	33	13,8%	206	86,2%
Literatura	33	20,8%	126	79,2%
Cine	32	22,5%	110	77,5%
Astronomía e meteoroloxía	41	36,6%	71	63,4%
Música	19	32,8%	39	67,2%
Teatro	13	18,1%	59	81,9%
Fotografía	14	38,9%	22	61,1%
Creatividade manual	1	1,5%	65	98,5%
Mindfulness	1	4,8%	20	95,2%
Monográfico	7	8,75%	73	91,25%
Oferta específica para nenas e nenos	16	34,0%	31	66,0%
Oferta específica +70 anos	20	14,4%	119	85,6%
TOTAL	295	20,4%	1.149	79,6%

Fonte: Concello da Coruña. Observatorio urbano a partir de datos facilitados pola Área de Cultura, Deporte e Coñecemento

PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE OCIO DO ÁGORA OUTONO 2016, POR SEXO E AGRUPACIÓN TEMÁTICA				
Agrupación temática	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Cidade e contorna	21	26,6%	58	73,4%
Historia e arte	15	18,5%	66	81,5%
Literatura, escritura creativa e novas tecnoloxías	8	21,6%	29	78,4%
Cine	13	39,4%	20	60,6%
Música	13	48,1%	14	51,9%
Teatro	18	23,7%	58	76,3%
Cociña	49	28,0%	126	72,0%
Creatividade manual	8	14,3%	48	85,7%
Fotografía e novas tecnoloxías	13	30,2%	30	69,8%
Actividade motriz	7	6,2%	106	93,8%
Astronomía	14	31,1%	31	68,9%
Mindfulness	11	22,4%	38	77,6%
Oferta específica para nenas e nenos	15	53,6%	13	46,4%
Oferta específica +65 anos	21	16,2%	109	83,8%
TOTAL	226	23,3%	746	76,7%

Fonte: Concello da Coruña. Observatorio urbano a partir de datos facilitados pola Área de Cultura, Deporte e Coñecemento

g. Servizo de Atención Infantil para a conciliación. Canguraxe municipal

O Servizo de Atención á Infancia que presta o Concello da Coruña ten tres modalidades: os Espazos de Atención á Infancia (EAI), atención a domicilio (canguraxe) e unha ludoteca coeducativa. Nos tres servizos a participación dos nenos e das nenas é moi equilibrada (49%-60%).

- ✓ Os **espazos de atención á infancia** utilízanse de modo non regular para o acollemento e desenvolvemento de actividades de carácter lúdico-educativo dirixidas a menores de 4 a 12 anos. Os espazos son catro e están localizados nos centros cívicos municipais de Labañou, Castrillón e Monte Alto, así como no Centro Social da Sagrada Familia.
- ✓ A modalidade de **atención a domicilio** é un conxunto de accións vinculadas ao coidado e á atención a menores con idades comprendidas entre os 4 meses e os 12 anos no seu propio domicilio ou, se for o caso, fóra do domicilio.
- ✓ **A ludoteca coeducativa** de Novo Mesoiro -Centro Cívico Municipal de Mesoiro- é un espazo socioeducativo de actividade regular e continuada dirixida a poboación infantil de 4 a 12 anos así como as unidades familiares de referencia, no que se favorece o desenvolvemento persoal, social, afectivo e cognitivo do menor a través dos xogos e xoguetes.

SERVIZO DE ATENCIÓN Á INFANCIA PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL. DATOS CORRESPONDENTES AO ANO 2016				
Modalidades	Nenos	Nenas	Total	% nenas
Espazos de atención á infancia	304	289	593	49%
Atención a domicilio	157	215	372	58%
Ludoteca coeducativa	84	126	210	60%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

h. Atención a grupos poboacionais específicos

O foco de atención deste epígrafe é sobre os servizos e programas municipais que van dirixidos a perfís poboacionais específicos atendendo a variables socioeconómicas e persoas afectadas por desigualdades estruturais derivadas da súa identidade, sexos e/ou pertenza a un grupo poboacional percibido socialmente como 'vulnerable' ou 'minorizado'. Destacan os servizos prestados a través do Centro de Información dos Dereitos ás Mulleres, a Unidade de Atención á poboación Migrante, o Servizo de atención á menores do Centro de Planificación Familiar e gran parte dos Servizos Sociais municipais.

h.1. Centro de Información dos Dereitos ás Mulleres (CIM)

As mulleres son as usuarias a quen van dirixidos os servizos do CIM, coa única excepción dos servizos e programas que involucran a atención directa a menores, tanto as accións educativas de fomento da igualdade e prevención de violencia de xénero como o servizo de intervención

psicolóxica con menores en situación de violencia de xénero; únicas excepcións nas que hai homes como usuarios do CIM que, en realidade, son nenos.

Na táboa da páxina seguinte, indícase o número total de mulleres atendidas no CIM durante o ano 2016: 755, delas 570 por violencia de xénero. O número de menores foron 50.

Con respecto aos servizos especificamente dirixidos ás mulleres, a maior demanda é a do asesoramento xurídico, seguido do psicolóxico e o social; aínda que os devanditos servizos teñen carácter multidimensional, en todos aparece o tema da violencia de xénero, xa sexa como factor causal indirecto ou directo, o que motiva a atención polo CIM.

PERSOAS USUARIAS DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM) – ANO 2016 PROGRAMA DE ATENCIÓN A MULLERES E MENORES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE				
Persoas usuarias do CIM	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias dalgún servizo	755 (570 por violencia de xénero)	9	41	805
PERSOAS USUARIAS POR TIPO DE ACTUACIÓN:				
Información e atención psicolóxica	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	296 (243 por violencia de xénero)	0	0	296
Nº de derivacións ao Colexio oficial de Psicoloxía de Galicia “Programa de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero”	72	6	13	91
Información e asesoramento xurídico	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	430 (284 por violencia de xénero)	0	0	430
Información e asesoramento social	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	294 (todas por violencia de xénero)	0	0	294
Servizo Telefónico de Atención e Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero (ATENPRO)	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	144	0	0	144
Proxecto de intervención psicolóxica con menores que sofren violencia de xénero	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de menores	0	9	41	50

Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

Na Casa da Acollida (CAM) residiron durante o ano 2016 un total de 55 persoas (30 mulleres, 10 nenos e 15 nenas). Estas persoas tamén recibiron asesoramento social, psicolóxico e xurídico, neste orde de prioridade. Os datos están recollidos na primeira táboa da páxina seguinte.

PROGRAMA DE ACOLLIDA E ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E MENORES AO SEU CARGO (CASA DE ACOLLIDA) – ANO 2016				
Persoas residentes na Casa de Acollida (CAM)	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas residentes desde 2015	7	2	6	15
Nº de persoas residentes desde 2016	23	8	9	40
Nº de persoas residentes na CAM en 2016	30	10	15	55
Nº persoas ingresadas na CAM no ano 2016 polo Convenio de reserva de prazas subscrito coa Deputación da Coruña	8	0	3	11
Persoas residentes na CAM por tipo de atención recibida:				
Información e atención psicolóxica	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	19	4	3	26
Menores atendidos a través do "Proxecto de intervención psicolóxica con menores que sofren violencia de xénero"				
Información e asesoramento xurídico	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	20	0	0	20
Información e asesoramento social	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	29	0	0	29
Servizo Telefónico de Atención e Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero (ATENPRO)	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	7	0	0	7

Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

En canto os pisos de inclusión social e transición á vida autónoma, no ano 2016 reisdiron neles un total de 4 mulleres, 2 nenos e 5 nenas. As atencións máis demandadas por orde foron: o asesoramento psicolóxico e educativo e o social.

PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL E TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA DAS MULLERES (PISOS DE INCLUSIÓN E TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA) – ANO 2016				
Persoas acollidas nos Pisos de inclusión e transición á vida autónoma (PITVA)	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas residentes desde 2015	3	1	4	8
Nº de persoas residentes desde 2016	1	1	1	3
Nº de persoas residentes nos PITVA no ano 2016	4	2	5	11
Nº persoas ingresadas nos PITVA no ano 2016 polo Convenio de reserva de prazas subscrito coa Deputación da Coruña	0	0	0	0
Persoas residentes nos PITVA por tipo de atención recibida:				
Información e atención psicolóxica	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	4	2	5	11
Menores atendidos a través do "Proxecto de intervención psicolóxica con menores que sofren violencia de xénero"				
Información e asesoramento educativa	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	11	0	0	11
Información e asesoramento social	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	4	0	0	4
Servizo Telefónico de Atención e Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero (ATENPRO)	Mulleres	Nenos	Nenas	Total
Nº de persoas usuarias	3	0	0	3

Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

h.2. Unidade de Atención á poboación Migrante (UAMI)

O equipo da UAMI atende tanto a mulleres como a homes con procedencia ou nacionalidade estranxeira, en proporcións bastante equilibradas. Os servizos solicitados con maior demanda feminina son: o asesoramento xurídico (60,3%) e o laboral (51,7%). Cabe destacar unha maior participación de nenos (62,5%) que de nenas (37,5%) na Escola Intercultural.

PERSOAS ATENDIDAS NA UNIDADE DE ATENCIÓN Á POBOACIÓN MIGRANTE – ANO 2016				
Servizos	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
Información e asesoramento social	218	51,1%	209	48,9%
Información e asesoramento xurídico	152	39,7%	231	60,3%
Información e asesoramento laboral	169	48,3%	181	51,7%
Participantes en accións formativas	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres
	176	53,5%	153	46,5%
Participantes na Escola Intercultural de apoio educativo e promoción social	Nenos	% nenos	Nenas	% nenas
	30	62,5%	18	37,5%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade

h.3. Centro de Planificación Familiar. Servizo de atención a menores de 20

O Servizo de información e asesoramento afectivo-sexual prestado desde o Centro de Planificación Familiar vai dirixido á poboación en xeral e préstase baseándose no concerto que segue activo entre o Concello da Coruña e a Xunta de Galicia –vía SERGAS-. Con todo, hai un servizo específico dirixido a menores de 20 anos que ten unha evolución de interese para analizar os datos de participación directa.

O programa de 'Tarde Xove' comezou en 1994 co obxectivo de ofrecerlles ás persoas menores de 20 anos un espazo propio para facilitar o acceso á información sexual e á anticoncepción. No desenvolvemento do programa participaban tanto o Concello da Coruña como o Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Dende o mes de agosto do ano 2009 o programa foi suspendido pola xerencia do CHUAC, perdendo o único programa galego destas características.

A evolución dos datos de atención a menores durante os últimos 13 anos mostra a incidencia do peche do programa en 2009, aínda que o equipo profesional do Centro de Planificación Familiar da Coruña (situado na rúa Orillamar) seguirá prestando a atención á xente moza que acuda por primeira vez ao Centro de Planificación Familiar, as solicitudes iniciaron unha tendencia descendente que aínda persiste.

Como se desprende dos datos da primeira táboa da páxina seguinte, as mulleres novas son as que fundamentalmente acuden ao Servizo de información e asesoramento sexo-afectivo e de anticoncepción entre as persoas menores de 20 anos. De feito, nos dous últimos anos foron unicamente elas as que acudiron a informarse.

MENORES DE 20 ANOS QUE ACODEN POR PRIMEIRA VEZ AO CENTRO DE PLANIFICACIÓN FAMILIAR -					
Ano	Número	% sobre servizos	Homes	Mulleres	Media idade
2004	330	23%	0,61%	99,39%	15-16
2005	422	22,60%	0,71%	99,29%	19
2006	407	23,30%	0,25%	99,75%	18
2007	380	23,80%	0,79%	99,21%	19
2008	424	25,10%	0,00%	100,00%	19
2009	346	21,80%	0,29%	99,71%	19
2010	245	16,90%	0,82%	99,18%	17-18
2011	288	17,20%	0,69%	99,31%	18-19
2012	275	18,90%	0,73%	99,27%	18-19
2013	283	15,30%	0,71%	99,29%	18-19
2014	223	12,60%	0,90%	99,10%	16-18
2015	232	14,60%	0,00%	100%	17-18
2016	247	16,40%	0,00%	100%	18-19

Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade. Centro de Planificación Familiar


Entre os meses de abril a xuño do ano 2016 fixéronse 35 obradoiros de educación afectivo-sexual de 6 horas de duración cada un deles destinados ao alumnado de educación secundaria. Na táboa seguinte constan os datos do número de participantes segundo o sexo.

PROGRAMA DE EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA 35 obradoiros de 6 horas de duración cada un deles – Ano 2016				
Centro educativo	Nº de participantes			
	Mozas	% mozas	Mozos	% mozos
IES AGRA DO ORZÁN	86	59,3%	59	40,7%
IES SARDIÑEIRA	46	51,1%	44	48,9%
IES EUSEBIO DA GARDA	101	49,5%	103	50,1%
IES ELVIÑA	16	30,8%	36	69,2%
IES CALVO SOTELO	6	23,1%	20	76,9%
IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL	70	48,3%	75	51,7%
IES RAFAEL PUGA RAMÓN	29	47,5%	32	52,5%
CRE CONCEPCIÓN ARENAL	0	0%	7	100%
TOTAL	354	48,5%	376	51,5%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Igualdade e Diversidade. Centro de Planificación Familiar

h.4. Servizos Sociais

As mulleres son as principais usuarias dos Servizos Sociais municipais, o 62% do total de persoas atendidas aínda que, en gran parte, desempeñan o rol de intermediarias na tramitación ou obtención de recursos sociais entre o Concello e a persoa beneficiaria directa.



Fonte: Elaboración propia. Datos do Concello da Coruña. Área de Xustiza Social e Coidados

Na táboa da páxina seguinte amósanse o número de persoas usuarias dos recursos de Servizos Sociais durante o ano 2016 e, como pode comprobarse, en todos os casos excepto no das vivendas tuteladas, houbo máis mulleres atendidas que homes.

Os recursos sociais máis demandados son os relacionadas coas axudas económicas públicas de pagamento único e as de pago periódico. No primeiro caso, o 62% das persoas atendidas foron mulleres e no segundo caso, foron o 54%.

Os tres recursos máis solicitados polas mulleres son: os centros de acollida (86%), as actuacións específicas de apoio á unidade convivencial (83%) e as prestacións de axudas técnicas e tecnolóxicas (81%). No primeiro caso, os centros de acollida poden ser: a menores, a persoas sen fogar e transeúntes, a mulleres, a persoas migrantes e a persoas con enfermidades terminais. En canto o último caso inclúe o servizo de teleasistencia, os programas de servizos de novas tecnoloxías como o de telexerontoloxía e a eliminación de barreiras.

PERSOAS USUARIAS DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS DURANTE O ANO 2016 (ORDEN POR MAIOR FRECUENCIA)						
Recursos xestionados desde Servizos Sociais	H	M	NC	SA	Total	% Mulleres*
Axudas económicas públicas de pagamento único	701	1.142	14		1.857	62%
Axudas económicas públicas periódicas	678	794	16		1.488	54%
Prestacións relacionadas coa falta de autonomía persoal e/ou familiar	263	533	2	3	801	67%
Centros, programas e actuacións de inserción social	197	229	4		430	54%
Outros apoios á unidade convivencial	131	285	5		421	69%
Información sobre prestacións de servizos sociais	133	243	8	3	387	65%
Prestacións de axudas técnicas e tecnolóxicas	64	277	4	1	346	81%
Canalización cara a programas sectoriais municipais	91	160			251	64%
Atencións que implican alimentación	70	144	4		218	67%
Centros, programas e actividades de relación social, ocio e tempo libre	58	123	4	1	186	68%
Residencias e internados	51	111		1	163	69%
Tramitación para o acceso aos recursos non dependentes do sistema de SSSS	42	116	1		159	73%
Derivación cara a recursos e servizos internos do sistema de SSSS	51	100	3	1	155	66%
Derivación aos recursos institucionais non gobernamentais	49	88	3		140	64%
Programas e actuacións de prevención e promoción social	34	92	2		128	73%
Información e derivación a outros sistemas	50	61	2		113	55%
Centros de acollida	8	49			57	86%
Apoio de carácter persoal fóra do fogar	9	31		1	41	78%
Información xeral e inespecífica	11	13			24	54%
Actuacións específicas de apoio á unidade convivencial	4	19			23	83%
Centros, programas e actividades ocupacionais	4	13			17	76%
Outras axudas en especie vinculadas a situación de necesidade	3	9			12	75%
Pensións	5	6			11	55%
Vivendas tuteladas	3	1			4	25%
Albergues	2	1			3	33%
Aloxamento de urxencia	1	1			2	50%
Actuacións para o aloxamento familiar	1	1			2	50%
TOTAL	1.836	2.984	50	9	4.879	62%

NC: Non contesta

SA: Sen asignar

Para o cálculo da porcentaxe de mulleres non se teñen en conta os datos das columnas NC nin SA correspondentes a "Non contesta" e "Sen asignar".

Fonte: Concello da Coruña. Área de Xustiza Social e Coidados

Nesta táboa contabilízanse o número de persoas usuarias dos Servizos Sociais municipais, contabilizándose unha única vez cada persoa, aínda que acoda en varias ocasións a solicitar o mesmo servizo.

i. Xuventude

i.1.Centro Municipal de Información Xuvenil

O Centro Municipal de Información Xuvenil é un importante recurso de información, asesoramento e apoio á actividades para xoves na cidade. Entre súa oferta está o asesoramento educativo e profesional así como información actualizada dos recursos educativos (estudos, centros de formación, becas, oposicións, formación profesional, universidade,...).

Oferta tamén un servizo de orientación legal, dirixido á xuventude para informar de forma personalizada e gratuíta sobre os dereitos legais e dos cauces establecidos para exercitalos: reclamacións, multas, temas relacionados coas vivendas,...)

No seu espazo, dispón de zona de autoconsulta, hemeroteca, viajeteca, zona de informática con puntos de acceso gratuito a internet e zona wifi.

Por outra banda pon en marcha programas de apoio á actividades: Turismo xuvenil, Programa nocturno, fomento do asociacionismo e apoio a iniciativas xuvenís ademais de o asesoramento e información, con cesión de espazos para actividades (sala de exposicións, locais de ensaios).

PERSONAS USUARIAS DOS SERVICIOS DO CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL (CMIX) ANO 2016				
	Mozas	Mozos	Total	% mozas
Persoas usuarias que realizaron consultas asistidas	7.864	7.346	15.210	51,7%
Persoas usuarias que empregaron o fondo documental	120	213	333	36%
Asistentes aos obradoiros do servizo de Turismo Xuvenil	25	8	33	75,8%
Participantes na XIII Edición de Viaxarte	18	15	33	54,5%
Nº de persoas inscritas no Programa de Antenas de Información Xuvenil	30	14	44	68,2%
Nº de persoas inscritas no Programa formativo A Voltas	52	21	73	71,2%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Participación e Innovación Democrática

i.2.Locais de ensaio

Estas instalacións están compostas por tres locais de ensaio e un estudo de grabación. Os grupos poderán utilizar os locais 12 horas mensuales, cun máximo de 3 horas semanais.

Para o seu uso é preciso solicitálo e cumprir os requisitos (menor de 30, taxas,...)

Os locais de ensaio constan de equipamiento sonoro e backline (batería, amplificador de baixo, amplificador de guitarra, equipo de micros, etc.). No estudo de grabación poderanse gravar maquetas, para iso, haberá unha persoa con coñecementos de son e software informático especializado para realizar esta tarefa, ademais as bandas poderán contar cun técnico propio, previa autorización dos responsables do estudo. ademais as bandas poderán contar cun técnico propio, previa autorización dos responsables do estudo

Paralelamente ofertase tamén asesoramento aos proxectos musicais , e organizanse obradoiros ou talleres relacionados cos temas de interese (producción e audición de audio,...)

Na utilización destes últimos recursos predominan claramente os mozos ,frente ao porcentaxe de mozas cun 12% de participación.

Esta porcentaxe de participación é máis alta nas accións formativas que, nalgúns casos, chega ao 28 % ao igual que como participante en un grupo musical (29%).

NÚMERO DE PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NOS LOCAIS DE ENSAIO – ANO 2016						
Evento	Tipo de actividade	Data	Mozos	Mozas	Total	% mozas
ENSAIOS						
Quenda semestral 11	ensaios semanais	de 01-01 a 24-04-2016	103	13	116	11%
Quenda semestral 12	ensaios semanais	de 25-04 a 23-10 de 2016	145	18	163	11%
Quenda semestral 13	ensaios semanais	desde 24-10-2016	120	16	136	12%
ACCIÓNS FORMATIVAS						
Como conseguir concertos	formativa	12/03/2016	16	3	19	16%
Obradoiro sobre a industria musical	formativa	02/04/2016	13	5	18	28%
Obradoiro de guitarras custom	formativa	21/10/2016	11	0	11	0%
Como afianzar a túa identidade corporativa en rr.ss.	formativa	19/11/2016	11	4	15	27%
GRAVACIÓN DE LP's						
Volume 6	gravación	01/01 a 31/12 de 2016	29	4	33	12%
PARTICIPACIÓN DE MÚSICOS EN CONCERTOS*						
Festival Solidario Coruña En Directo IX	música en directo	29/01/2016	22	2	24	8%
Festival Solidario Coruña En Directo X	música en directo	30/09/2016	29	3	32	9%
videoclip Say My Name - Coolkids	presentación	09/12/2016	5	2	7	29%
* Das persoas que acoden como espectadores aos concertos non podemos facilitar datos desagregados por xénero						

Fonte: Concello da Coruña. Área de Participación e Innovación Democrática

i.3. Campamentos de verán para a mocidade

Dirixidos á xuventude con idades comprendidas entre os 12 aos 17 anos.

NÚMERO DE PARTICIPANTES NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN DIRIXIDOS Á MOCIDADE. ANO 2016				
	Total participantes	Mozos	Mozas	% mozas
Turno 1 Do 4 ao 15 de xullo de 2016	31	16	15	48%
Turno 2 Do 18 ao 29 de xullo de 2016	33	19	14	42%
Datos totais	64	35	29	45%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Participación e Innovación Democrática

I. Participación cidadá

O programa de procesos participativos “A Porta Aberta” comezou a súa andaina no mes de setembro de 2015. Os procesos participativos están dirixidos a toda a cidadanía, para que entre todas e todos poidamos achegar a nosa visión sobre problemas e decisións que afectan aos nosos barrios, ás nosas vidas e á nosa cidade. Deste xeito o goberno municipal pode integrar as necesidades da veciñanza na toma de decisións, articulando sempre as vías precisas para garantir a participación de todas e todos dun xeito accesible.

O primeiro proceso participativo foi “Organización da cidade en distritos”. Un proceso co que se pretendeu recoller toda a información relevante para realizar unha proposta de distritos para A Coruña baseada en criterios fundamentalmente sociais, aínda que tamén xurídico-administrativos. Durante este proceso se realizaron un total de vinte e oito encontros distribuídos pola xeografía da cidade a través dos que se pretendía coñecer e analizar a opinión, os saberes, os desexos e as necesidades da veciñanza da Coruña en relación coas diferentes realidades que configuran a cidade e o seu funcionamento.

A estes encontros presenciais sumáronse un total de oito reunións con sectores ou axentes relevantes e vinculados co territorio: Asociación de Taxistas, Compañía de Tranvías, Servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, Asociacións e Federación de Asociacións de Veciñas e Veciños, Universidade da Coruña, Asociacións dos Parques Empresariais e outras organizacións que participaron deste proceso poñendo a disposición o seu coñecemento teórico e práctico sobre a cidade.

De cara a facilitar a participación das persoas que non puideron achegarse aos encontros presenciais, a Concellería puxo en marcha unha plataforma dixital de participación para este proceso.

Todas estas ferramentas: encontros presenciais, plataforma dixital e reunións sectoriais, son as que nos permitiron recadar datos relevantes sobre o territorio, sobre o seu uso, sobre os espazos de referencia, sobre os desexos e sobre as posibilidades das persoas, pero tamén das asociacións e organizacións vencelladas ao territorio.

Analizando os datos de participación no proceso “Organización da cidade en distritos” comprobamos que nos encontros presenciais houbo máis mulleres que homes (59% mulleres), mentres que na participación vía web a participación ocorreu o contrario (40% mulleres).

Os Participadoiros xuvenís son espazos de participación permanente coa mocidade da cidade nos que establecer as bases para a relación, as vías de comunicación e a recollida das súas demandas e necesidades. Deste xeito, estánse co-deseñando políticas públicas para a xuventude da Coruña.

Na táboa da páxina seguinte, compróbase que aos participadoiros xuvenís acudiron un total de 97 persoas, das cales o 45% foron mulleres.

Os Orzamentos Participativos son unha ferramenta para que os veciños e as veciñas da Coruña decidan libremente e de maneira directa en que empregar unha parte do orzamento do seu Concello.

Neste proceso que se levou a cabo por primeira vez na cidade durante o ano pasado recolléronse e votáronse propostas de investimento para levar a cabo en 2017.

A participación neste proceso foi exclusivamente vía web e foi bastante igualitaria segundo o sexo (48% mulleres).

NÚMERO DE PARTICIPANTES NOS PROCESOS PARTICIPATIVOS						
Ano	Proceso participativo	Datas	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
2015	Organización da Cidade en Distritos (Participación nos encontros presenciais)	Setem/Decem	422	290	712	59%
	Organización da Cidade en Distritos (Participación na web)		141	213	354	40%
2016	Participadoiros Xuvenís	Xaneiro/Novem	44	53	97	45%
2016	Orzamentos participativos (participación exclusiva a través da plataforma web)	Maio/Outub	599	655	1.254	48%
2016	COLAB, Laboratorio de Innovación Cidadá	Novembro	37	42	79	47%
2016	Usos do parque de Bens (presencial)	Setembro	53	47	100	53%
2016	EcoHortas	Novembro	159	115	274	58%
2016	O Noso Patio, CEIP Sanxurxo de Carricarte	Outub/Decem	183	147	330	55%

Fonte: Concello da Coruña. Área de Participación e Innovación Democrática

O Laboratorio Cidadán (COLAB) é un proxecto de innovación social que ten por misión mellorar a vida das persoas e acadar unha cidadanía máis igualitaria a través de mecanismos de produción de coñecemento colaborativos, abertos e reutilizables.

COLAB concíbese como un espazo de produción e de prototipado de coñecemento, a través de diferentes grupos de traballo e de investigación, que impulsen procesos de innovación cidadá para a transformación social, contribuíndo ao desenvolvemento cultural, social e económico da nosa cidade.

Neste proceso, a participación foi bastante igualitaria segundo o sexo, sendo o 47% dos participantes, mulleres.

“Usos do parque de Bens” é un proceso participativo co obxectivo de afianzar os usos actuais do Parque de Bens e promover o debate sobre a súa posible ampliación, a partir dos intereses e necesidades da veciñanza e sempre dentro dos criterios de conservación.

O parque de Bens é un espazo natural da cidade, un miradoiro do Atlántico que debe conservar a súa diversidade así como os usos de toda a cidadanía, atendendo a propostas de interese xeral compatibles e coherentes co espazo e que requiran dunha mínima intervención infraestrutural. Por iso é importante debater como poden convivir as propostas de diferentes persoas usuarias, tratando de aproveitar ao máximo as posibilidades que ofrece o parque.

O proceso diríxese a todas as persoas que usan habitualmente o parque e aos grupos interesados nos posibles usos: colectivos animalistas, ecoloxistas, deportistas, familias, escolas, mocidade, entidades veciñais e sociais da zona, así como a todas as persoas individuais interesadas.

Este proceso participativo foi íntegramente presencial e contou cunha participación de 100 persoas, sendo mulleres o 53%.

EcoHortas é un proceso de participación específico para definir a localización e as especificacións de tres novas hortas urbanas e comunitarias que se porán a disposición da cidadanía da Coruña.

Con estes novos espazos cultivables, o Concello de A Coruña pretende dar resposta á demanda veciñal de espazos destinados a cultivos na cidade, potenciando e integrando proxectos de hortas urbanas como parte esencial dun proceso de rexeneración urbana e territorial, dende unha perspectiva ecolóxica. Coas ecoHortas mellórase a calidade ambiental, ademais de que poden converterse en excelentes lugares de encontro; espazos de participación social e de educación ambiental, dende os que aumentar as sensacións de benestar e a calidade de vida.

As ecoHortas, estarán situadas en terreos de titularidade municipal nas áreas de Os Rosales-San Pedro de Visma-Agra do Orzán, Mesoiro-Novo Mesoiro, e Oza-Castrillón-Os Castros, e os seus usos e ubicacións definitivas definiranse a través da participación cidadá, na que están invitadas a implicarse as distintas entidades sociais dos barrios nas que se ubicarán, así como todas as persoas que o desexen, co fin de que se axusten a demanda real de cada unha das tres zonas.

Neste proceso no que participaron 274 persoas, o 58% delas foron mulleres.

“O Noso Patio” é un proceso participativo posto en marcha co obxectivo de repensar colectivamente os dous patios do recinto e os accesos do CEIP Sanjurjo de Carricarte.

Este proxecto naceu impulsado por un grupo de docentes e familias, e en outubro de 2016, a Concellaría de Participación e Innovación Democrática xunto coa de Xustiza Social e Coidados e Rexeneración Urbana, articularon un traballo de apoio ao proxecto cun equipo de mediación especializado.

Nesta data comenzou a desenvolverse a fase central do proceso, incorporando as voces que aínda non foron recollidas (alumnado, persoal non docente, resto do profesorado e familias).

O proceso implica a toda a comunidade. Tras as reunións con todos os círculos implicados, dende as familias, o persoal non docente e o profesorado até os propios nenos e nenas, desenvolvéronse diversas actividades até chegar a unha maqueta na que se plasman os desexos e necesidades da comunidade educativa para estes espazos.

Neste proceso no que a participación foi de 330 persoas, o 55% foron mulleres.

Podemos concluír en liñas xerais que a participación cidadá nos procesos participativos que está a elaborar o Concello da Coruña está sendo bastante igualitaria segundo o sexo.

Outro proceso participativo que está en marcha desde Novembro do 2016 é o do “Pacto Social por unha cidade libre de violencias machistas”. Este proceso, liderado desde a Concellaría de Igualdade e Diversidade desenvolve tamén a metodoloxía participativa de A Porta Aberta. Durante o 2016 desenvolveuse a fase de investigación social para, a partir dela, dinamizar os espazos de participación durante o primeiro trimestre de 2017. O ‘Consello de sabias’ e os ‘Encontros abertos á participación cidadá’.